

**4785** REAL DECRETO 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución. («BOE» 58, do 8-3-2003.)

As funcións sociais, económicas, ambientais, ecolóxicas e culturais dos montes precisan que, para a súa xestión sustentable e para a mellora e conservación dos recursos xenéticos forestais, os materiais forestais de reprodución das especies e híbridos que se usen en silvicultura sexan fenotípica e xeneticamente de alta calidade, así como axeitados ás condicións do medio no que se empreguen.

A Orde do 21 de xaneiro de 1989 pola que se regula a comercialización dos materiais forestais de reprodución, e a Orde do 21 de xaneiro de 1989, relativa ás normas de calidade exterior dos materiais forestais de reprodución que se comercialicen, incorporaban ó noso ordenamento xurídico, respectivamente, a Directiva 66/404/CEE do Consello, do 14 de xuño de 1966, relativa á comercialización dos materiais forestais de reprodución e as súas modificacións, así como a Directiva 71/161/CEE do Consello, do 30 de marzo de 1971, relativa ás normas de calidade exterior dos materiais forestais de reprodución comercializados na Comunidade, e as súas modificacións.

O Consello da Unión Europea considerou conveniente a promulgación da Directiva 1999/105/CE do Consello, do 22 de decembro de 1999, sobre a comercialización dos materiais forestais de reprodución, que refunde e actualiza as dúas directivas mencionadas anteriormente.

O Real decreto 1356/1998, do 26 de xuño, establece as normas aplicables á produción, comercialización e utilización dos materiais forestais de reprodución de especies non sometidas á normativa comunitaria.

Este real decreto incorpora ó noso ordenamento interno a Directiva 1999/105/CE e as peculiaridades da situación forestal española que estaban consideradas no mencionado Real decreto 1356/1998, derogando, pola súa vez, o Real decreto 1356/1998 e as citadas ordes do 21 de xaneiro de 1989.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Medio Ambiente, logo da aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de marzo de 2003,

**DISPÓNDO:**

**CAPÍTULO I**

**Disposicións xerais**

**Artigo 1. Ámbito de aplicación.**

1. Este real decreto aplicarase á produción de cara á comercialización e á comercialización dos materiais forestais de reprodución das especies forestais e dos seus híbridos artificiais que figuran no anexo I.

2. As medidas que figuran neste real decreto non se aplicarán ós materiais forestais de reprodución en forma de plantas ou partes de plantas respecto dos que se demostre que están destinados a fins distintos da silvicultura.

En tales casos, os materiais deberán ir xunto cunha etiqueta ou outro documento esixido por outras disposicións comunitarias ou nacionais que sexan aplicables ós devanditos materiais para o fin de que se trate. Na falta das devanditas disposicións, cando un provedor se dedique tanto a materiais destinados á silvicultura como

a materiais dos que se demostre que están destinados a outros fins, estes últimos deberán levar unha etiqueta ou documento en que figure a indicación: «non destinado a usos forestais».

3. As medidas incluídas neste real decreto non se aplicarán ós materiais forestais de reprodución respecto dos que se demostre que están destinados a ser exportados ou reexportados a países terceiros.

**Artigo 2. Definicións.**

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Materiais forestais de reprodución: froitos e sementes, partes de plantas e plantas que se utilizan para a multiplicación das especies forestais e dos seus híbridos artificiais. Son:

1.º Froitos e sementes: piñas, infructescencias, froitos e sementes destinados á produción de plantas.

2.º Partes de plantas: estacas caulinares, foliares e radiculares, explantes ou embrións para micropropagación, gomos, porbaixas, raíces, pugas para enxertos, estacas enraizadas ou calquera parte dunha planta destinada á produción de plantas.

3.º Plantas: plantas obtidas a partir de froitos e sementes, de partes de plantas ou de plantas procedentes de rexeneración natural.

b) Material de base para a produción de material forestal de reprodución. Inclúe os seguintes tipos:

1.º Fonte de sementes: Árbores situadas dentro dunha zona de recolección de froitos e sementes.

2.º Mata: poboación delimitada de árbores que posúan suficiente uniformidade na súa composición.

3.º Sementeiro: plantación de clons ou familias seleccionados, suficientemente illada para evitar ou reducir a polinización procedente de fontes externas, xestionada para a produción de colleitas de sementes frecuentes, abundantes e doadas de recoller.

4.º Proxenitores familiares: árbores utilizadas para obter proxenie, mediante polinización controlada ou libre, dun proxenitor identificado utilizado como femia, co pole dun proxenitor (fratrías) ou dunha serie de proxenitores identificados ou non identificados (semifratrías).

5.º Clon: grupo de individuos (ramets) procedentes orixinalmente dun único individuo (ortet) mediante propagación vexetativa, como por estaca, micropropagación, enxerto, porbaixa ou división.

6.º Mestura de clons: mestura de clons identificados en proporcións definidas.

c) autóctona e indíxena: unha fonte de sementes autóctona ou unha mata autóctona é a que foi normal e continuamente rexenerada ben por procesos naturais, ben rexenerada artificialmente, sexa a partir de materiais de reprodución recollidos na mesma fonte de sementes ou mata, sexa a partir de fontes das sementes ou matas autóctonas dentro dunha distancia reducida.

Unha fonte de sementes indíxena ou unha mata indíxena son unha mata ou fonte de sementes autóctonas ou unha mata ou fonte de sementes cultivadas artificialmente a partir de sementes con orixe na mesma rexión de procedencia.

d) Orixe: para unha fonte de sementes ou mata autóctonas, é o lugar no que vexetan as árbores. Para unha fonte de sementes ou mata non autóctona, é o lugar desde o que se introduciron inicialmente as sementes ou as plantas. A orixe dunha fonte de sementes ou mata pode ser descoñecida.

e) Procedencia: lugar no que vexeta calquera masa forestal.

f) Rexión de procedencia: para unha especie ou unha subespecie determinadas: a rexión de procedencia é a zona ou o grupo de zonas suxeitas a condicións

e ecolóxicas suficientemente uniformes nas que se atopan sementeiros ou matas que presentan características fenotípicas ou xenéticas semellantes, tendo en conta límites de altitude, cando proceda.

g) Producción: inclúe tódalas fases de produción de froitos e sementes, a transformación dos froitos en semente e o cultivo das plantas a partir de sementes e partes de plantas.

h) Comercialización: exposición orientada á venda, posta en venda e entrega a un terceiro de material forestal de reprodución, incluída a entrega en cumprimento dun contrato de servizos.

i) Lote: conxunto de unidades dun só produto, identificable pola homoxeneidade da súa composición e orixe.

j) Proveedor: toda persoa física ou xurídica dedicada profesionalmente á comercialización ou importación de material forestal de reprodución.

k) Autoridade competente:

1.º A Administración xeral do Estado, respecto á ordenación e coordinación en materia de produción de cara á comercialización e á comercialización de materiais forestais de reprodución, así como en relación cos supostos de comercio exterior dos devanditos produtos.

2.º Os órganos competentes das comunidades autónomas, respecto á execución das operacións necesarias para a autorización dos materiais de base e ó control da produción de cara á comercialización e á comercialización dos materiais forestais de reprodución.

3.º As comunidades autónomas comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o órgano competente no seu territorio, co obxecto de poñelo en coñecemento da Comisión Europea.

4.º Así mesmo, as delegacións ou encomendas de xestión que, de acordo co dereito vixente, poidan efectuar as autoridades competentes deberán ser comunicadas ó devandito departamento, para que a través da canle correspondente, se é o caso, solicite a autorización previa da Comisión Europea.

l) Os materiais forestais de reprodución subdivíden-se segundo as categorías seguintes:

1.º Identificados: materiais de reprodución obtidos de materiais de base que poden ser ben unha fonte de sementes, ben unha mata situadas dentro dunha única rexión de procedencia e que satisfán as esixencias establecidas no anexo II.

2.º Seleccionados: materiais de reprodución obtidos de materiais de base que se corresponden cunha mata situada dentro dunha única rexión de procedencia, que fosen seleccionados fenotípicamente no nivel de poboación e que satisfán as esixencias establecidas no anexo III.

3.º Cualificados: materiais de reprodución obtidos de materiais de base que se corresponden con sementeiros, proxenitores familiares, clons ou mesturas de clons, os compoñentes dos cales foron individualmente seleccionados fenotípicamente e satisfán as esixencias establecidas no anexo IV. Non é estrictamente necesario que se iniciasen ou rematasen os ensaios.

4.º Controlados: materiais de reprodución obtidos de materiais de base que se corresponden con matas, sementeiros, proxenitores familiares, clons ou mesturas de clons. A superioridade do material de reprodución debe ser demostrada mediante ensaios comparativos ou considerada a partir da avaliación xenética dos compoñentes dos materiais de base. Os materiais de base deberán satisfacer as esixencias establecidas no anexo V.

## CAPÍTULO II

### Producción dos materiais forestais de reprodución

#### Artigo 3. *Autorización dos materiais de base.*

1. Para a produción de materiais forestais de reprodución destinados á comercialización utilizaranse unicamente materiais de base autorizados.

2. Os materiais de base só poderán obterse a condición de autorizados:

a) Se satisfán as esixencias establecidas nos anexos II, III, IV ou V deste real decreto, segundo se trate da produción de materiais forestais de reprodución identificados, seleccionados, cualificados e controlados, respectivamente, e

b) Se están referidos a unha unidade denominada «unidade de admisión», que estará identificada mediante unha única referencia no correspondente rexistro.

3. A autorización dos materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución identificados, seleccionados, cualificados e controlados será efectuada polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma, que comunicará os devanditos materiais de base á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, que, pola súa vez, o comunicará á Dirección Xeral de Agricultura.

4. Unha vez autorizados os materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución seleccionados, cualificados e controlados, deben ser inspeccionados a intervalos regulares polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma, co fin de comprobar que continúan cumprindo as condicións polas que foron autorizados e, no caso de que así non fose, retirárle-las autorización polo procedemento legalmente establecido, que, en todo caso, respectará a audiencia do interesado.

5. Cando se establezan, de acordo co correspondente procedemento comunitario, as condicións específicas co obxecto de conservar os recursos fitoxenéticos utilizados na silvicultura, para ter en conta a conservación in situ e o uso sustentable dos recursos fitoxenéticos mediante o cultivo e a comercialización de materiais forestais de reprodución de especies non melloradas e variedades que se adaptan de forma natural ás condicións locais e rexionais, e cando estean ameazados pola erosión xenética, poderán non ser esixibles os requisitos establecidos no punto 2 e nos anexos II, III, IV e V, sempre que se establezan condicións específicas de acordo co correspondente procedemento comunitario.

6. Naqueles casos en que, a partir dos resultados provisionais da avaliación xenética ou dos ensaios comparativos a que se fai referencia no anexo V, se poida asumir que os materiais de base, unha vez finalizados os ensaios, van cumprir os criterios de autorización deste real decreto, poderanse autorizar na totalidade ou parte do territorio os materiais de base para a produción dos materiais forestais de reprodución controlados durante un período máximo de dez anos.

#### Artigo 4. *Organismos xeneticamente modificados.*

Os materiais de base que consistan nun organismo xeneticamente modificado só serán autorizados se non supoñen un risco para a saúde humana ou para o ambiente. Para estes efectos, deberase realizar unha avaliación do risco para o ambiente e ter sido autorizados, de acordo co disposto na normativa vixente sobre os devanditos organismos.

**Artigo 5. Requisitos dos materiais forestais de reprodución.**

1. Os materiais forestais de reprodución procedentes de materiais de base autorizados deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Os materiais das especies enumeradas no anexo I soamente se poderán comercializar se pertencen ás categorías «material identificado», «material seleccionado», «material cualificado» ou «material controlado», e os materiais de base dos que proceden satisfán as esixencias establecidas nos anexos II, III, IV e V, respectivamente.

b) Os materiais dos híbridos artificiais enumerados no anexo I só se poderán comercializar se pertencen ás categorías «material seleccionado», «material cualificado» ou «material controlado», e os materiais de base dos que proceden satisfán as esixencias establecidas nos anexos III, IV e V, respectivamente.

c) Os materiais das especies e híbridos artificiais enumerados no anexo I, cando se multipliquen vexetativamente, só se poderán comercializar se pertencen ás categorías «material seleccionado», «material cualificado» e «material controlado», e os materiais de base dos que proceden satisfán as esixencias establecidas nos anexos III, IV e V, respectivamente; no caso dos materiais de reprodución da categoría «material seleccionado», só se poderán comercializar se se propagaron masivamente a partir de sementes.

d) Os materiais das especies e híbridos artificiais enumerados no anexo I, que estean compostos total ou parcialmente de organismos xeneticamente modificados non se poderán comercializar, salvo se pertencen á categoría «material controlado» e os materiais de base dos que proceden cumpren os requisitos establecidos no anexo V.

2. As categorías baixo as cales se poderán comercializar os materiais de reprodución procedentes dos diferentes tipos de materiais de base determinanse no cadro do anexo VI.

3. Os materiais forestais de reprodución das especies e híbridos artificiais que se enumeran no anexo I só se poderán comercializar se cumpren os requisitos pertinentes establecidos no anexo VII.

4. Non obstante o disposto no punto 1, a autoridade competente poderá autorizar os provedores para a obtención e comercialización de cantidades axeitadas de:

a) Materiais forestais de reprodución, sempre que se demostre que están destinados á realización de ensaios, fins científicos, traballos de selección ou fins de conservación xenética.

b) Froitos e sementes que manifestamente non se destinen a fins forestais.

5. Logo de cumprimento das condicións que se establezan de acordo co procedemento comunitario, poderase autorizar a comercialización de materiais de reprodución procedentes de materiais de base que non satisfagan tódolos requisitos da categoría adecuada segundo o punto 1 deste artigo.

**Artigo 6. Rexións de procedencia.**

1. No caso dos materiais de base destinados á produción de materiais de reprodución das categorías «material identificado» e «material seleccionado», para as especies pertinentes, delimitaranse as rexións de procedencia.

2. As rexións de procedencia dos materiais de base destinados á produción de materiais de reprodución das categorías «material identificado» e «material selec-

cionado», para as especies que se indican, figuran no anexo XI.

3. Para a autorización de novas rexións de procedencia de calquera especie ou para a modificación das rexións de procedencia existentes, establécese o seguinte procedemento:

a) Para aquelas especies nas que a área de distribución supere o territorio dunha comunidade autónoma, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, logo do informe do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria e dos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas, proporalle á Dirección Xeral de Agricultura a delimitación das necesarias rexións de procedencia que se definirán por límites administrativos, xeográficos e de altitude.

Á vista das citadas propostas, a Dirección Xeral de Agricultura efectuará a autorización das rexións de procedencia.

b) Cando se trate de especies nas que a área de distribución estea incluída exclusivamente no territorio dunha comunidade autónoma, a delimitación e autorización das rexións de procedencia será efectuada polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma, que as porá en coñecemento da Dirección Xeral de Agricultura.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará no «Boletín Oficial del Estado» o Catálogo nacional das rexións de procedencia, que incluíra os mapas de situación destas. O devandito ministerio enviarállelos citados mapas á Comisión Europea e ós demais estados membros, a través da canle correspondente.

**Artigo 7. Rexistro nacional e Catálogo nacional de materiais de base.**

1. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza, en colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas, elaborará un rexistro nacional dos materiais de base das especies reguladas por este real decreto, para a produción dos materiais forestais de reprodución identificados, seleccionados, cualificados e controlados.

O devandito rexistro nacional conterá os datos que figuran no anexo X, relativos a cada unidade de admisión coa súa referencia de rexistro única, que serán facilitados polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma.

2. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza elaborará un resumo do referido rexistro en forma de lista nacional que se denominará Catálogo nacional de materiais de base, que se comunicará á Dirección Xeral de Agricultura para a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e o seu envío á Comisión Europea, de conformidade co modelo establecido no Regulamento (CE) número 1597/2002 da Comisión, do 6 de setembro de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 1999/105/CE do Consello, con respecto ó formato das listas nacionais dos materiais de base dos materiais forestais de reprodución.

Para a elaboración do mencionado Catálogo nacional extraeranse do rexistro os seguintes datos:

- a) Nome botánico da especie.
- b) Categoría do material forestal de reprodución.
- c) Obxectivo do material forestal de reprodución.
- d) Tipo de material de base.
- e) Referencia do rexistro, código de identificación do material de base ou código da rexión de procedencia.
- f) Situación: nome de localización e, segundo a categoría:

1.º Para «material identificado»: rexión de procedencia, provincia, termo municipal, latitude e lonxitude ou

e franxa de latitude e lonxitude e, se é o caso, número de utilidade pública ou número de elenco.

2.º Para «material seleccionado»: rexión de procedencia, provincia, termo municipal e a súa situación xeográfica, definida pola súa latitude e lonxitude ou franxa de latitude e lonxitude.

3.º Para «material cualificado»: a posición ou posicións xeográficas exactas en que se manteñen os materiais de base.

4.º Para «material controlado»: a situación ou situacións xeográficas exactas en que se manteñen os materiais de base.

g) Altitude ou franxa de altitude.

h) Superficie: extensión de fontes das sementes, matas ou sementeiros.

i) Orixe: indícase se os materiais de base son autóctonos ou indíxenas, non autóctonos ou non indíxenas, ou se a súa orixe é descoñecida; para os materiais de base non autóctonos ou non indíxenas débese comunicala orixe, se se coñece.

j) No caso dos materiais controlados, débese indicar se están modificados xeneticamente.

#### Artigo 8. *Recolección, extracción de sementes e produción de plantas.*

1. Na recolección dos materiais forestais de produción das especies reguladas, para as que se establecesen os correspondentes catálogos de material de base, deberánse cumprir os requisitos seguintes:

a) Todo recolector que se propoña recoller froitos, sementes e partes de plantas de material de base autorizada deberalle notificar, coa antelación suficiente, ó órgano competente da respectiva comunidade autónoma a intención de proceder á devandita recolección.

O devandito órgano competente establecerá, se é o caso, as condicións técnicas que se deberán observar durante a recoleita.

b) Cando remate a recolección de froitos, sementes ou partes de plantas solicitada, o recolector deberá informar por escrito o órgano competente da respectiva comunidade autónoma sobre a cantidade de material recolectado, o cal, unha vez comprobado que o lote de froitos, sementes ou partes de plantas recolectados procede dun material de base debidamente autorizado, emitirá o oportuno certificado patrón no que figurará a referencia de rexistro única, facilitando a información pertinente que figura no anexo VIII.

2. No caso de extracción de sementes, o provedor deberá informar por escrito o mencionado órgano, antes de proceder á súa comercialización, sobre as cantidades obtidas segundo lotes, con indicación da identidade e a cantidade do lote de froito do que procede.

3. No caso de produción de plantas, o provedor comunicarlle por escrito ó devandito órgano as cantidades de planta que se van producir, segundo lotes, indicando a identidade dos lotes de semente ou de partes de planta dos que derivan, e a cantidade de quilogramos de semente ou o número de elementos de multiplicación empregados na súa produción.

4. Cando se prevexa unha propagación vexetativa ulterior, de conformidade co artigo 9.2, deberase emitir un novo certificado patrón.

5. En caso de que se realicen mesturas de conformidade coas letras a), b), c) ou e) do punto 3 do artigo 9, o órgano competente da respectiva comunidade autónoma asegurarse de que as referencias do rexistro dos compoñentes das mesturas son identificables e, ademais, deberase emitir un novo certificado patrón para a mestura ou outro documento que a identifique.

#### Artigo 9. *Proceso productivo.*

1. Durante tódalas fases do proceso productivo, os materiais de reprodución manteranse separados por referencia ás unidades individuais de admisión. Cada lote de materiais de reprodución identificarase polos seguintes datos:

- Código de España e número do certificado patrón.
- Nome botánico da especie.
- Categoría do material forestal de reprodución.
- Obxectivo.
- Tipo de material de base.

f) Referencia do rexistro ou, se procede, do resumo deste, ou código de identidade da rexión de procedencia.

g) Rexión de procedencia (para os materiais de reprodución das categorías «material identificado» e «material seleccionado» ou para outros materiais de reprodución se procede).

h) Cando proceda, se a orixe dos materiais de base é autóctona ou indíxena, non autóctona ou non indíxena ou de orixe descoñecida.

i) No caso de froitos e sementes, o ano de maduración.

j) A idade e o tipo das plantas, plántulas ou estacas, e o tipo de cultivo utilizado (repicado, transplante ou en recipiente).

k) Se está xeneticamente modificado.

2. Sen prexuízo do disposto no punto 1 deste artigo e no punto 1.c) do artigo 5, o órgano competente da respectiva comunidade autónoma poderá prever disposicións relativas á propagación vexetativa ulterior dunha única unidade de admisión nas categorías «material seleccionado», «material cualificado» e «material controlado». Nos devanditos casos, os materiais manteranse separados e identificados como tales.

3. Sen prexuízo do disposto no punto 1 deste artigo, admítense:

a) Dentro dunha mesma rexión de procedencia, a mestura de materiais de reprodución procedentes de dúas ou máis unidades de admisión dentro da categoría «material identificado» ou da categoría «material seleccionado».

b) Cando se realicen mesturas de materiais de reprodución dentro dunha única rexión de procedencia a partir de fontes das sementes e matas da categoría «material identificado», que o novo lote mesturado se clasifique como «material de reprodución procedente dunha fonte de sementes».

c) Dentro dunha mesma rexión de procedencia, cando se realicen mesturas de materiais de reprodución procedentes de materiais de base non autóctonos ou non indíxenas con outros procedentes de materiais de base de orixe descoñecida, que o novo lote da mestura se clasifique como «de orixe descoñecida», non admitíndose as mesturas de materiais de reprodución procedentes de materiais de base autóctonos ou indíxenas cos de orixe non autóctona ou non indíxena ou descoñecida.

d) Cando se realicen mesturas de conformidade coas letras a), b) ou c), que o código de identificación da rexión de procedencia se poida substituír pola referencia do rexistro considerada na letra f) do punto 1.

e) A mestura de materiais de reprodución de distintos anos de maduración procedentes dunha única unidade de admisión.

f) Cando se realicen mesturas de conformidade coa anterior letra e), que se rexistren os anos de maduración e a proporción de materiais de cada ano.

## CAPÍTULO III

**Comercialización dos materiais forestais de reprodución**Artigo 10. *Etiquetaxe.*

1. Os materiais de reprodución poderanse comercializar unicamente en lotes que cumpran o disposto no artigo 9 e vaian xunto cunha etiqueta e cun documento do provedor.

No caso de sementes, en cada envase que as conteña deberase fixar unha etiqueta do provedor, que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo IX, epígrafe A.

Así mesmo, cada partida de sementes irá acompañada dun documento do provedor que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo IX, epígrafe B.

No caso de plantas ou partes de plantas, cada partida irá acompañada das etiquetas do provedor precisas para a súa correcta identificación. Cada unha das devanditas etiquetas deberá conter, polo menos, os datos que figuran no anexo IX, epígrafe C.

Así mesmo, con cada partida de plantas ou partes de plantas xuntarase un documento do provedor, que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo IX, epígrafe D.

2. No caso das sementes, no documento do provedor mencionado no punto 1 figurarán os datos seguintes avaliados, na medida do posible, mediante técnicas internacionalmente recoñecidas:

a) Pureza: a porcentaxe en peso de sementes puras, outras sementes e materia inerte do produto comercializado como lote de sementes.

b) A porcentaxe de xerminación das sementes puras, ou en caso de que a porcentaxe de xerminación sexa imposible ou moi difícil de determinar, a porcentaxe de viabilidade, indicando o método empregado.

c) O peso de 1.000 sementes puras.

d) O número de sementes xerminables por quilo de produto comercializado como sementes ou, cando este dato sexa imposible ou moi difícil de determinar, o número de sementes viables por quilogramo.

3. Co fin de poder dispoñer rapidamente das sementes da colleita en curso, aínda que non concluíse o estudo da xerminación previsto na letra b) do punto 2, autorízase a comercialización limitada exclusivamente a un primeiro comprador. O provedor deberá, o antes posible, declarar que cumpre as condicións establecidas nas letras b) e d) do punto 2, para que aquel poida proceder á súa posterior comercialización.

4. Os requisitos contidos nas letras b) e d) do punto 2 non serán esixibles cando se trate de pequenas cantidades de sementes. A determinación das cantidades e condicións regúlase polo Regulamento (CE) número 2301/2002, da Comisión, do 20 de decembro de 2002, polo que se establecen as disposicións de aplicación da Directiva 1999/105/CE, do Consello, no que atinxe á definición de pequenas cantidades de sementes.

5. As partes de plantas de *Populus* spp. só se poderán comercializar se o número de clasificación CE, de conformidade co disposto no punto 2.b) da parte C do anexo VII, figura na etiqueta ou no documento do provedor.

6. A cor da etiqueta do provedor será amarela para os materiais de reprodución da categoría «material identificado», verde para os da categoría «material seleccionado», rosa para os da categoría «material cualificado» e azul para os da categoría «material controlado».

7. No caso de material forestal de reprodución derivado de material de base que está composto de organismos modificados xeneticamente, toda etiqueta ou documento, oficial ou de calquera outro tipo, referente ó lote levará claramente indicado este feito.

Artigo 11. *Envasado.*

Os froitos e sementes comercializaranse unicamente en envases selados. O sistema de selado será do tipo que quede inservible unha vez que o envase sexa aberto.

## CAPÍTULO IV

**Medidas de control**Artigo 12. *Rexistro de provedores, sistema de control oficial e declaración anual.*

1. Cada comunidade autónoma establecerá un rexistro no que se deberán inscribi-los provedores de materiais forestais de reprodución domiciliados no seu ámbito territorial, debendo comunicar á Dirección Xeral de Agricultura, con periodicidade mensual, a relación de provedores inscritos.

2. Dependente da Dirección Xeral de Agricultura existirá un Rexistro nacional de provedores de materiais forestais de reprodución, no que figurarán tódolos provedores inscritos nas comunidades autónomas.

3. Todo provedor que se propoña o establecemento ou, se é o caso, a variación dun campo de plantas nai para a produción de material forestal de reprodución a partir dun material de base do tipo clons ou mestura de clons, deberallo notificar ó órgano competente da respectiva comunidade autónoma, co fin de obterla correspondente autorización.

O citado órgano elaborará un rexistro dos campos de plantas nai, que se comunicará á Dirección Xeral de Conservación da Natureza para a inclusión dos seus datos no Rexistro nacional de materiais de base.

4. O órgano competente da respectiva comunidade autónoma deberá garantir, mediante un sistema de control oficial, que os materiais de reprodución procedentes de unidades de admisión individuais ou de lotes seguen sendo claramente identificables durante todo o proceso desde a recolección ata a entrega ó consumidor final. Efectuaranse de xeito regular inspeccións oficiais dos provedores rexistrados.

O referido sistema de control oficial comunicárase á Dirección Xeral de Agricultura, que o porá en coñecemento dos órganos competentes do resto das comunidades autónomas.

5. Co fin de garanti-la asistencia administrativa mutua entre os estados membros da Unión Europea e, en particular, cando os materiais forestais de reprodución se trasladen de España a outro Estado membro, o provedor deberallo comunicar ó órgano competente da respectiva comunidade autónoma, que, pola súa vez, remitirá á Dirección Xeral de Agricultura, debidamente cuberto, o modelo de documento de información establecido no anexo do Regulamento (CE) número 1598/2002 da Comisión, do 6 de setembro de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 1999/105/CEE, do Consello, no que respecta á asistencia administrativa mutua entre organismos oficiais.

As normas para realiza-la devandita asistencia administrativa mutua estableceranse de conformidade co disposto no citado Regulamento (CE) número 1598/2002.

6. Todo provedor deberá levar un libro-rexistro no que por lotes se reflectirán os movementos dos materiais forestais de reprodución que comercialice e se anotarán os subministradores e destinatarios dos materiais. Así mesmo, deberá conserva-los certificados ou documentos que acrediten a orixe dos lotes retidos e comercializados.

O citado libro-rexistro e a documentación acreditativa estarán á disposición do órgano competente da comunidade autónoma.

e

7. Todo proveedor deberá efectuar unha declaración anual ó final de cada campaña referente ás cantidades producidas e comercializadas dos materiais forestais de reprodución por especies e categorías. A devandita declaración será enviada polo proveedor ó órgano competente da respectiva comunidade autónoma.

8. O mencionado órgano remitirá á Dirección Xeral de Agricultura, no primeiro semestre de cada ano, un resumo das citadas declaracións, relativo á campaña anterior, para a elaboración das estatísticas nacionais.

9. Representantes da Dirección Xeral de Agricultura e da Dirección Xeral de Conservación da Natureza poderán acompañalos expertos da Comisión Europea e os representantes dos órganos competentes das comunidades autónomas nos supostos en que se realicen controis sobre o terreo, en particular para comprobalo cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto.

## CAPÍTULO V

### **Autorizacións para prohibi-la comercialización de material forestal de reprodución, requisitos menos severos e importacións de países terceiros**

#### Artigo 13. *Prohibicións á comercialización.*

1. As autoridades competentes garantirán que o material que saia á venda de conformidade coas disposicións deste real decreto non estea suxeito a ningunha restricción de comercialización en canto ás súas características, requisitos en materia de exame e inspección, etiquetaxe e selado distintas das recollidas naquel.

2. De acordo co establecido no Regulamento (CE) número 1602/2002 da Comisión, do 9 de setembro de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 1999/105/CE do Consello, con respecto á autorización a un Estado membro para prohibi-la comercialización ó usuario final de determinados materiais forestais de reprodución, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da canle correspondente, solicitará da Unión Europea a autorización para prohibi-la comercialización ó usuario final, para a sementeira ou plantación, de materiais de reprodución específicos na totalidade ou parte do territorio, cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o uso dos citados materiais de reprodución, debido ás súas características fenotípicas ou xenéticas, podería ter repercusións negativas na silvicultura, o ambiente, os recursos xenéticos ou a diversidade xenética das especies na totalidade ou parte do territorio español, baseándose en ensaios relacionados coa rexión de procedencia ou de orixe do material, ou en resultados de ensaios ou investigacións científicas realizados no lugar axeitado, dentro ou fóra da Unión Europea.

b) Que, a teor dos resultados coñecidos de ensaios ou investigacións científicas, ou dos resultados obtidos da práctica forestal sobre a supervivencia e o desenvolvemento das plantas no que se refire ás características morfolóxicas e fisiolóxicas, a utilización do devandito material de reprodución podería ter repercusións negativas na silvicultura, no ambiente, nos recursos xenéticos ou na diversidade xenética das especies na totalidade ou parte de España.

#### Artigo 14. *Requisitos menos severos.*

Cando temporalmente se presenten dificultades na subministración ós consumidores finais de materiais forestais de reprodución que satisfagan as esixencias deste real decreto, e que non se poidan superar no ámbito da Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Pesca

e Alimentación, a través da canle correspondente, por proposta da Dirección Xeral de Conservación da Natureza ou dos órganos competentes das comunidades autónomas, solicitará ante a Comisión Europea, de conformidade co correspondente procedemento comunitario, autorización para admiti-la comercialización, por un período determinado, de materiais forestais de reprodución dunha ou máis das especies reguladas por este real decreto que satisfagan requisitos menos severos.

Cando se adopte a devandita medida, as etiquetas e os documentos do proveedor esixidos en virtude do artigo 10.1 deberán especificar que os materiais en cuestión están «sometidos a requisitos menos severos».

#### Artigo 15. *Importación de países terceiros.*

1. Poderanse importar de países terceiros materiais forestais de reprodución destinados á comercialización, se previamente o Consello da Unión Europea determinou que os devanditos materiais ofrecen as mesmas garantías, respecto da admisión dos seus materiais de base e das medidas adoptadas para a súa produción, cós materiais de reprodución producidos dentro da Unión Europea, de acordo coas normas comunitarias.

2. Mentres non se decida o disposto no punto 1, logo da autorización de conformidade co correspondente procedemento comunitario, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá admiti-la importación dos citados materiais forestais de reprodución sempre que ofrezan, en tódolos sentidos, garantías equivalentes ás dos materiais forestais de reprodución producidos na Unión Europea.

En particular, os ditos materiais importados irán acompañados dun certificado patrón ou dun certificado oficial expedido polo país de orixe, no que se indiquen as devanditas garantías, así como os rexistros cos detalles relativos a tódalas partidas que se vaian exportar, que deberán ser facilitados polo proveedor do país terceiro.

## CAPÍTULO VI

### **Outras disposicións**

#### Artigo 16. *Exención de especies.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da canle correspondente, poderá solicitar da Comisión Europea, conforme o correspondente procedemento comunitario, a exención, total ou parcial, do cumprimento das disposicións deste real decreto no que respecta a determinadas especies forestais que non sexan importantes para a súa utilización con fins silvícolas.

#### Artigo 17. *Condicións fitosanitarias dos materiais forestais de reprodución.*

Os materiais forestais de reprodución cumprirán, se é o caso, as condicións fitosanitarias pertinentes establecidas no Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea (hoxe, Unión Europea) de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

#### Artigo 18. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento das disposicións deste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións

e sancións previsto na Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

Disposición adicional primeira. *Vixencia das rexións de procedencia e dos materiais de base.*

Seguen vixentes as rexións de procedencia e os materiais de base para a produción dos materiais forestais de reprodución das categorías «material identificado», «material seleccionado» e «material controlado» autorizados con anterioridade a este real decreto.

Disposición adicional segunda. *Validación de materiais de base.*

Os materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución con requisitos menos severos autorizados ata a data quedan autorizados como materiais de base para a produción de materiais de reprodución da categoría «material identificado».

Os sementeiros autorizados como materiais de base para a produción de materiais de reprodución da categoría «material seleccionado» con anterioridade a este real decreto quedan autorizados como materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución da categoría «material cualificado», de conformidade co establecido no artigo 2.I) e no anexo VI deste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Regulación doutras especies forestais importantes para a silvicultura en España.*

En virtude da previsión establecida no artigo 3, punto 2, da Directiva 1999/105/CE, este real decreto aplícarase tamén ás especies que figuran no anexo XII.

As rexións de procedencia dos materiais de base destinados á produción de materiais de reprodución das categorías «material identificado» e «material seleccionado» figuran no anexo XIII.

Disposición adicional cuarta. *Modificación do Real decreto 2488/1994, do 23 de decembro, polo que se determinan as funcións da Comisión Nacional de Protección da Natureza, se dictan as normas que regulan o seu funcionamento e se establecen os comités especializados adscritos a esta.*

1. Engádeselle unha letra e) ó artigo 5.1 do Real decreto 2488/1994, coa seguinte redacción:

«e) Comité de Mellora e Conservación de Recursos Xenéticos Forestais, que terá como finalidade levar a cabo a necesaria coordinación para o desenvolvemento, execución e seguimento da produción e comercialización de materiais forestais de reprodución, entre os órganos competentes da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas.»

2. Modifícase o punto 3 do artigo 5 do Real decreto 2488/1994, engadindo un parágrafo co seguinte texto:

«O Comité de Mellora e Conservación de Recursos Xenéticos Forestais estará composto por un representante de cada unha das comunidades autó-

nomas, dous representantes do Ministerio de Medio Ambiente, un dos cales exercerá a presidencia, un representante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e un representante do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Os representantes dos departamentos ministeriais serán designados polos respectivos titulares.»

Disposición transitoria primeira. *Autorización para a comercialización de existencias.*

Autorízase a comercializar ata a súa finalización as existencias dos materiais forestais de reprodución acumuladas antes do 1 de xaneiro de 2003, que deberán ser comunicadas ó órgano competente da respectiva comunidade autónoma no prazo de dous meses a partir da data de publicación deste real decreto. Cando se comercialice o devandito material forestal de reprodución, a documentación acreditativa deberá especificar tal circunstancia co texto «Lote preexistente» (artigo 28.3 da Directiva 1999/105/CE do Consello).

Disposición transitoria segunda. *Período transitorio para a produción de material de reprodución controlado.*

1. No prazo de dez anos a partir do 1 de xaneiro de 2003, de cara á admisión de materiais de base para a produción de materiais de reprodución controlados (ós que non fose anteriormente aplicable a Orde do 21 de xaneiro de 1989, pola que se regula a comercialización dos materiais forestais de reprodución), poderanse utilizar en España os resultados de ensaios comparativos que non satisfagan as esixencias establecidas no anexo V.

Os devanditos ensaios deberán ter comezado antes do 1 de xaneiro de 2003 e ter demostrado que os materiais de reprodución procedentes dos materiais de base son superiores ós modelos para algún dos caracteres seleccionados.

2. No prazo de dez anos a partir do 1 de xaneiro de 2003, de cara á admisión dos materiais de base para a produción de materiais de reprodución controlados de tódalas especies e híbridos artificiais a que se refire neste real decreto, poderanse utilizar en España os resultados de ensaios de avaliación xenética que non satisfagan as esixencias establecidas no anexo V.

Os devanditos ensaios deberán ter comezado antes do 1 de xaneiro de 2003 e ter demostrado que os materiais de reprodución procedentes dos materiais de base son superiores ós modelos para algúns dos caracteres seleccionados.

3. No caso das novas especies e híbridos artificiais que se poidan engadir con data posterior ás que figuran no anexo I, o período de transición determinarase de conformidade co procedemento comunitario correspondente.

4. Expirado o citado período de transición, unha vez que sexa autorizado polo correspondente procedemento comunitario, poderanse utilizar en España os resultados dos ensaios comparativos e de avaliación xenética.

Disposición transitoria terceira. *Adaptación de campos de plantas nai.*

Os provedores que implantasen os campos de plantas nai mencionados no artigo 12.3, e que non teñan a correspondente autorización, deberánllo notificar ó órga-

e no competente da respectiva comunidade autónoma, no prazo de dous meses a partir da data de entrada en vigor deste real decreto, para adaptarse ó que dispoña para o efecto o devandito órgano competente.

Disposición derogatoria única. *Derogación de normativa.*

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ó establecido neste real decreto e, en particular:

- a) O Real decreto 1356/1998, do 26 de xuño, polo que se establecen as normas aplicables á produción, comercialización e utilización dos materiais de reprodución de especies non sometidas á normativa comunitaria.
- b) A Orde do 21 de xaneiro de 1989 pola que se regula a comercialización dos materiais forestais de reprodución.
- c) A Orde do 21 de xaneiro de 1989 relativa ás normas de calidade exterior dos materiais forestais de reprodución que se comercialicen.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro da competencia exclusiva atribuída ó Estado polo artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, en materia de bases e coordinación xeral da actividade económica, e polo artigo 149.1. 23.<sup>a</sup>, para dictar lexislación básica sobre protección do ambiente e sobre montes e aproveitamentos forestais. Exceptúanse do anterior os artigos 15 e 17, que se dictan ó abeiro da competencia exclusiva atribuída ó Estado polo artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa e facultade de aplicación.*

Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente para dictar, no ámbito das súas respectivas competencias, as normas necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Modificación dos anexos.*

1. Os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente poderán modificar de común acordo os anexos IX, X, XI, XII e XIII.

A modificación do anexo XII efectuarase logo do informe preceptivo do Comité de Mellora e Conservación de Recursos Xenéticos Forestais, tralas consultas pertinentes e por proposta das autoridades competentes.

2. Os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente poderán modificar conxuntamente o anexo I e os anexos non comprendidos no punto anterior, sempre que a modificación veña imposta pola normativa comunitaria e se acomode a ela.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 7 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO I

### Lista de especies forestais e híbridos artificiais

«Abies alba» Mill.  
«Abies cephalonica» Loud.  
«Abies grandis» Lindl.  
«Abies pinsapo» Boiss.  
«Acer platanoides» L.  
«Acer pseudoplatanus» L.  
«Alnus glutinosa» Gaertn.  
«Alnus incana» Moench.  
«Betula pendula» Roth.  
«Betula pubescens» Ehrh.  
«Carpinus betulus» L.  
«Castanea sativa» Mill.  
«Cedrus atlantica» Carr.  
«Cedrus libani» A. Richard.  
  
«Fagus sylvatica» L.  
«Fraxinus angustifolia» Vahl.  
«Fraxinus excelsior» L.  
«Larix decidua» Mill.  
«Larix x eurolepis» Henrio.  
«Larix kaempferi» Carr.  
«Larix sibirica» Ledeb.  
«Picea abies» Karst.  
«Picea sitchensis» Carr.  
«Pinus brutia» Ten.  
«Pinus canariensis» C. Smith.  
«Pinus cembra» L.  
«Pinus contorta» Loud.  
«Pinus halepensis» Mill.  
«Pinus leucodermis» Antoine.  
«Pinus nigra» Arnold.  
«Pinus pinaster» Ait.  
«Pinus pinea» L.  
«Pinus radiata» D. Don.  
«Pinus sylvestris» L.  
«Populus spp.» e híbridos artificiais entre estas especies.  
«Prunus avium» L.  
«Pseudotsuga menziesii» Franco.  
«Quercus cerris» L.  
«Quercus ilex» L.  
«Quercus petraea» Liebl.  
«Quercus pubescens» Willd.  
«Quercus robur» L.  
«Quercus rubra» L.  
«Quercus suber» L.  
«Robinia pseudoacacia» L.  
«Tilia cordata» Mill.  
«Tilia platyphyllos» Scop.

## ANEXO II

### Requisitos mínimos para a autorización dos materiais de base destinados á produción de materiais de reprodución da categoría «material identificado»

Os tipos de material de base serán unha fonte de sementes ou unha mata.

1. As unidades de admisión poderán se-la mata e, no caso de fonte de sementes, o monte ou unha zona xeográfica con límites definidos.

2. Deberanse declara-la rexión de procedencia, a situación e a altitude ou franxa de altitude do lugar onde se recollen os materiais forestais de reprodución.

3. A orixe do material de base deberase declarar, e poderá ser autóctona ou indíxena, non autóctona ou non indíxena, ou de orixe descoñecida.



No caso de orixe non autóctona ou non indíxena, indícase a rexión de procedencia do material utilizado para o repoboamento (mediante datos históricos ou outros medios apropiados), e deberase declara-la súa orixe, se se coñece.

4. A fonte de sementes ou a mata deberán estar situadas dentro dunha única rexión de procedencia.

5. A superficie da fonte de sementes debe ser tal que conteña un ou máis grupos de árbores ben distribuídas e en número e densidade abonda para asegurar unha axeitada interpolinización.

6. Os materiais de base citados anteriormente deberán ser sometidos a unha inspección formal cando o material de reprodución se destine a fins de silvicultura específicos.

### ANEXO III

#### Requisitos mínimos para a autorización dos materiais de base destinados á produción de materiais de reprodución da categoría «material seleccionado»

Xeneralidades: unha mata autorízase como material de base para a produción de material de reprodución da categoría «material seleccionado» (mata selecta) tras avaliar convenientemente os requisitos numerados de 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 11 e 12, tendo en conta o obxectivo específico para o que se destinen os materiais forestais de reprodución —requisitos numerados 8, 9, 10, 13, 14, 15 e 16—, e os valores medios na rexión de procedencia á cal pertence. O obxectivo específico indícase no rexistro nacional.

1. Orixe: débese determinar, mediante datos históricos ou outros medios apropiados, se se trata dunha mata autóctona ou indíxena, non autóctona ou non indíxena, ou se a súa orixe é descoñecida e, para os materiais de base non autóctonos, débese declara-la súa orixe, se se coñece.

2. Illamento: as matas selectas deben estar situadas a unha distancia suficiente de matas de peor calidade da mesma especie ou de matas de especies ou variedades relacionadas coas que poidan formar híbridos. Prestarase unha atención particular a este requisito cando as matas que rodeen matas autóctonas ou indíxenas sexan non autóctonas ou non indíxenas ou de orixe descoñecida.

3. Tamaño efectivo da poboación: as matas selectas deben estar integradas por poboacións cun número suficiente de árbores, densidade e distribución, de modo que se asegure unha axeitada interpolinización e se eviten os efectos desfavorables da endogamia.

4. Idade e desenvolvemento: as matas selectas deben consistir en árbores dunha idade ou etapa de desenvolvemento que permitan xulgar con claridade os criterios dados para a selección.

5. Uniformidade: as matas selectas deben mostrar un grao normal de variación individual nos caracteres morfolóxicos. En caso necesario, deberanse eliminar as árbores inferiores.

6. Capacidade de adaptación: debe ser evidente a adaptación ás condicións ecolóxicas dominantes na rexión de procedencia.

7. Saúde e resistencia: as árbores das matas selectas deben estar libres de ataques de organismos nocivos e presentar resistencia ás condicións climáticas e de localización adversas do lugar en que estean a crecer, salvo polo que se refire ó dano causado pola contaminación.

8. Produción en volume de madeira: será normalmente superior á media observada en masas da mesma rexión de procedencia en condicións ecolóxicas e de xestión semellantes.

9. Calidade da madeira: valorarase por aqueles caracteres de maior calidade. A proporción de individuos coas mellores características será superior á media observada en masas da mesma rexión de procedencia.

10. Forma ou pauta de crecemento: deben presentar características morfolóxicas particularmente boas, en especial troncos rectos e circulares, a inclinación e a bifurcación do fuste, o ángulo e grosor das pólas e boa poda natural. Ademais, a proporción de árbores bifurcadas ou que presenten fibra revirada debe ser baixa.

11. Acceso: a mata selecta será de doado acceso, especialmente na época de recolección do material forestal de reprodución.

12. Delimitación: deberá ter límites claros, que se apoiarán nas divisións xeográficas ou dasocráticas dos montes.

Cando o obxectivo principal de selección sexa a produción de cortiza, consideraranse as seguintes características:

13. Producción de cortiza: a produción media de cortiza da mata selecta será superior en cantidade e calidade á media observada na rexión de procedencia. A calidade analizarase mediante catas no arboredo. De forma excepcional, poderase admitir unha mata como selecta sen realizarlle a cata por non se-lo ano do descortizamento, sendo necesario, neste caso, realiza-la cata cando se chegue á quenda de descortizamento.

14. Estado sanitario da cortiza: as árbores das matas selectas, nunha proporción importante, deben estar libres dos ataques de organismos nocivos para a cortiza.

Cando o obxectivo principal de selección sexa a produción de froito, consideraranse as seguintes características:

15. Producción de froito: a produción media de froito por hectárea e ano debe ser superior á media observada en masas da mesma rexión de procedencia con similares tratamentos.

16. Estado sanitario do froito: as árbores das matas selectas, nunha proporción importante, deben estar libres dos ataques de organismos nocivos para o froito.

Cando o obxectivo principal da selección inclúa varios dos anteriores, ou sexa un obxectivo multifuncional, os caracteres que poidan ser aplicables, dos indicados anteriormente, valoraranse convenientemente.

### ANEXO IV

#### Requisitos mínimos para a autorización dos materiais de base destinados á produción de materiais de reprodución da categoría «material cualificado»

##### 1. Sementeiro:

a) O correspondente órgano competente debe aprobar e rexistra-lo tipo, o obxectivo, o deseño, o esquema dos cruzamentos e a disposición do campo, os compoñentes, o illamento e a situación, así como calquera cambio dos devanditos elementos.

b) Os clons ou familias compoñentes seleccionaranse polos seus caracteres excepcionais e consideraranse de forma particular os requisitos 4, 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15 e 16 de anexo III.

c) Os clons ou familias compoñentes plantaranse ou deberán ser plantados de acordo cun plan aprobado polo órgano competente e establecido de tal maneira que cada compoñente poida ser identificado.

d) O rareo levado a cabo nos sementeiros describirase xunto cos criterios de selección utilizados para tales rareos e serán rexistrados polo órgano competente.

e) Os sementeiros xestionaranse e os froitos recolleranse de tal forma que se logren os obxectivos perseguidos. No caso dun sementeiro destinado á produc-

e  
ción de híbridos artificiais, unha proba de verificación determinará a porcentaxe de híbridos existente nos materiais de reprodución.

#### 2. Proxenitores familiares:

a) Os proxenitores seleccionaranse polos seus caracteres excepcionais e consideraranse de forma particular os requisitos 4, 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15 e 16 do anexo III, así como pola súa capacidade de combinarse.

b) O mencionado órgano competente debe aprobar e rexistra-lo obxectivo, o esquema dos cruzamentos, o sistema de polinización, os compoñentes, o illamento e a situación, así como calquera cambio significativo dos devanditos elementos.

c) O referido órgano competente debe aprobar e rexistra-la identidade, o número e a proporción de proxenitores existentes nunha mestura.

d) No caso de proxenitores destinados á produción de híbridos artificiais, un ensaio de verificación determinará a porcentaxe de híbridos existente nos materiais de reprodución.

#### 3. Clons:

a) Os clons serán identificables por caracteres distintivos que serían admitidos e rexistrados polo devandito órgano competente.

b) O valor dos clons individuais establecerase por experiencia ou sería demostrado mediante unha experimentación suficientemente prolongada.

c) Os ortets utilizados para a produción de clons seleccionaranse polos seus caracteres excepcionais e consideraranse de forma particular os requisitos 4, 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15 e 16 de anexo III.

d) O referido órgano competente restrinxirá a admisión a un número máximo de anos ou a un número máximo de ramets producidos.

#### 4. Mestura de clons:

a) A mestura de clons cumprirá os requisitos nas letras a), b) e c) do punto 3.

b) O citado órgano competente deberá aprobar e rexistra-la identidade, o número e a proporción dos clons que compoñan unha mestura, así como o método de selección e a materia prima de base. Cada mestura debe conter unha diversidade xenética suficiente.

c) O dito órgano competente restrinxirá a admisión a un número máximo de anos ou a un número máximo de ramets producidos.

### ANEXO V

#### Requisitos mínimos para a autorización dos materiais de base destinados á produción de materiais de reprodución da categoría «material controlado»

##### 1. Requisitos para tódalas probas:

a) Xeneralidades: os materiais de base deben satisfacer os requisitos pertinentes dos anexos III ou IV.

Os ensaios establecidos para a admisión dos materiais de base deberán prepararse, presentarse, levarse a cabo e os seus resultados ser interpretados de acordo con procedementos recoñecidos internacionalmente. Para os ensaios comparativos, os materiais de reprodución que vaian ser controlados débense comparar cun ou preferiblemente varios modelos admitidos ou preseleccionados.

##### b) Caracteres que se deben examinar:

1.º Os ensaios débense concibir para a avaliación de caracteres determinados, que se deben indicar para cada ensaio.

2.º Calibraranse a adaptación, o crecemento e os factores de importancia bióticos e abióticos. Ademais, avaliaranse outros caracteres, considerados importantes para o fin específico previsto, en relación coas condicións ecolóxicas da rexión en que se leve a cabo o ensaio.

c) Documentación: os documentos deben describi-los lugares onde se realiza o ensaio, incluída a situación, clima, solo, usos anteriores, establecemento, xestión e calquera dano debido a factores abióticos/bióticos, e estar á disposición do correspondente órgano competente. No rexistro do devandito órgano competente deben figura-la idade dos materiais e os resultados no momento da avaliación.

##### d) Instalación dos ensaios:

1.º Cada mostra de materiais de reprodución cultivarase, plantarase e xestionarase de idéntica forma na medida en que o permitan os tipos de materiais vexetais.

2.º Cada experimento débese establecer nun perfil estatístico válido con suficiente número de árbores para que poidan ser avaliadas as características individuais de cada compoñente que se vaia comprobar.

##### e) Análise e validez de resultados:

1.º Os datos dos experimentos débense analizar utilizando métodos estatísticos recoñecidos a escala internacional e débense presentar resultados para cada carácter examinado.

2.º Poderase dispoñer libremente da metodoloxía utilizada para o ensaio e dos datos dos resultados obtidos.

3.º Tamén se deben expoñe-la rexión na que se suxire a probable adaptación no país en que se levou a cabo o ensaio e as características que poderían limita-la súa utilidade.

4.º Se durante os ensaios se comproba que os materiais de reprodución non posúen polo menos as características dos materiais de base, ou de resistencia semellante á dos materiais de base fronte a organismos nocivos de importancia económica, eliminaranse os devanditos materiais de reprodución.

2. Requisitos para a avaliación xenética dos compoñentes dos materiais de base:

a) Pódense avaliar xeneticamente os compoñentes dos seguintes materiais de base: sementeiros, proxenitores familiares, clons e mesturas de clons.

b) Documentación: para a admisión dos materiais de base esíxese a seguinte documentación adicional:

1.º A identidade, a orixe e a xenealoxía dos compoñentes avaliados.

2.º O esquema do cruzamento utilizado para produci-los materiais de reprodución usados na proba de avaliación.

c) Procedementos dos ensaios: débense cumprilos seguintes requisitos:

1.º O valor xenético de cada compoñente debe ser estimado en dous ou máis lugares nos que se realice o ensaio de avaliación, un dos cales, polo menos, debe estar nun ámbito que corresponda ó uso suxerido dos materiais de reprodución.

2.º A superioridade estimada dos materiais de reprodución que se vaian comercializar calcularase sobre a base dos devanditos valores xenéticos e do esquema de cruzamento específico.

3.º Os ensaios da avaliación e os cálculos xenéticos deben ser aprobados polo referido órgano competente.

##### d) Interpretación:

1.º A superioridade estimada dos materiais de reprodución calcularase utilizando unha poboación de referencia para cada carácter ou grupo de caracteres.

2.º Declararase se o valor xenético calculado dos materiais de reprodución é inferior á poboación de referencia para calquera carácter importante.

3. Requisitos para os ensaios comparativos de materiais de reprodución:

a) Mostraxe dos materiais de reprodución.

1.º A mostra dos materiais de reprodución para o ensaio comparativo debe ser verdadeiramente representativa dos materiais de reprodución procedentes dos materiais de base que deberán ser admitidos.

2.º Os materiais de reprodución producidos de forma sexual para o ensaio comparativo serán recolectados en anos de boa floración e produción de froitos/sementes; poderase utilizar polinización artificial; e recolectados por métodos que garantan a representatividade das mostras obtidas.

b) Modelos:

1.º Os resultados dos modelos utilizados con fins comparativos nos ensaios deberán ter sido coñecidos, se é posible, durante un período suficientemente longo na rexión en que se debe levar a cabo o ensaio. Os modelos representan, en principio, materiais cunha utilidade para a silvicultura que quedase demostrada no momento de comezo-lo ensaio, e nas condicións ecolóxicas para as que se propón a certificación dos materiais. Deberán proceder, na medida do posible, de matas seleccionadas segundo os criterios que figuran no anexo III ou dos materiais de base admitidos oficialmente para a produción de materiais controlados.

2.º Para o ensaio comparativo de híbridos artificiais, as especies dos dous proxenitores deberán, se é posible, estar incluídas entre os modelos.

3.º Sempre que sexa posible deberanse utilizar varios modelos. Cando sexa necesario e estea xustificado, os modelos poderán ser substituídos polos materiais máis convenientes sometidos ó ensaio ou pola media dos seus compoñentes.

4.º En tódolos ensaios se utilizarán os mesmos modelos nunha gama o máis ampla posible de condicións de localización.

c) Interpretación:

1.º Deberase demostrar, polo menos para un carácter importante, unha superioridade estatisticamente significativa con respecto ós modelos.

2.º Informarase claramente de se existe calquera carácter de importancia económica ou ambiental que presente resultados perceptible inferiores ós modelos, e os seus efectos deberán ser compensados por caracteres favorables.

4. Admisión condicional: a avaliación previa de ensaios precoces poderá constituí-la base para a admisión condicional. As pretensións de superioridade baseadas nunha avaliación precoz deberanse examinar de novo nun prazo máximo de dez anos.

5. Ensaio precoces: o citado órgano competente poderá admitir ensaios de viveiro, invernadoiro e laboratorio para a admisión condicional ou para a admisión final, se se pode demostrar que existe unha correlación estreita entre a característica medida e os caracteres que se avaliarían normalmente en ensaios de campo. Outros caracteres que se vaian someter a ensaios deberán cumprilos requisitos recollidos no punto 3.

## ANEXO VI

### Categorías comerciais para os materiais de reprodución obtidos dos distintos tipos de materiais de base

Tipo de material de base	Categorías dos materiais forestais de reprodución e cor da etiqueta correspondente			
	Identificados (amarelo)	Seleccionados (verde)	Cualificados (rosa)	Controlados (azul)
Fonte de sementes .....	X			
Mata .....	X	X		X
Sementeiro .....			X	X
Proxenitores familiares .....			X	X
Clon .....			X	X
Mestura(s) de clons.			X	X

## ANEXO VII

### Requisitos de calidade exterior dos materiais forestais de reprodución

#### PARTE A

#### *Requisitos aplicables ós lotes de froitos e sementes das especies enumeradas no anexo I*

1. Os lotes de froitos e sementes das especies enumeradas no anexo I non se poderán comercializar a non ser que posúan unha pureza específica mínima do 99 por 100.

2. Sen prexuízo das disposicións do punto 1, no caso das especies estreitamente emparentadas enumeradas no anexo I, excluídos os híbridos artificiais, deberase declara-la pureza específica do lote de froitos ou sementes se non chega ó 99 por 100.

3. A presenza de organismos nocivos que reduzan o valor de utilización das sementes só se tolerará na menor medida posible.

#### PARTE B

#### *Requisitos aplicables ás partes de plantas das especies e híbridos artificiais enumerados no anexo I*

As partes de plantas das especies e híbridos artificiais enumerados no anexo I deberán ser de calidade cabal e comercial. A calidade cabal e comercial determinarase en función das características xerais, o estado sanitario e criterios de tamaño. No caso de «*Populus spp.*», poderase declarar que se cumpren os requisitos complementarios establecidos na parte C.

#### PARTE C

#### *Requisitos relativos a normas de calidade exterior aplicables ás estacas caulinares e estacas enraizadas utilizadas para a multiplicación de «*Populus sp.*»*

1. Estacas caulinares:

a) Non se considerarán de calidade cabal e comercial as estacas caulinares que presenten algún dos seguintes defectos:

1.º A madeira ten máis de dous períodos vexetativos.

2.º As estacas posúen menos de dous gomos ben conformados.

3.º Están afectadas por necrose ou presentan danos causados por organismos nocivos.

4.º Presentan signos de desecamento, asfixia, balorcemento ou podremia.

e

## b) Dimensións mínimas das estacas caulinares:

- 1.º Lonxitude mínima: 20 cm.
- 2.º Diámetro superior mínimo:

Clase 1 CE: 8 mm.  
Clase 2 CE: 10 mm.

## 2. Estacas enraizadas:

a) Non se considerarán de calidade cabal e comercial as estacas enraizadas que presenten algúns dos seguintes defectos: a madeira ten máis de tres períodos vexetativos; posúen menos de cinco gomos ben conformados; están afectadas por necrose ou presentan danos causados por organismos nocivos; presentan signos de desecamento, asfixia, balorecemento ou podremia; presentan feridas distintas das causadas pola poda; presentan ramificacións; presentan unha curvatura excesiva.

## b) Clases de dimensión das estacas enraizadas.

Clase	Diámetro mínimo na metade (mm)	Altura mínima (m)
Rexións non mediterráneas:		
N1 .....	6	1,50
N2 .....	15	3,00
Rexións mediterráneas:		
S1 .....	25	3,00
S2 .....	30	4,00

## PARTE D

*Requisitos aplicables ás plantas das especies e híbridos artificiais enumerados no anexo I*

As plantas serán de calidade cabal e comercial. A calidade cabal e comercial determinarase en función das características xerais, o estado sanitario, a vitalidade e a calidade fisiolóxica.

## PARTE E

*Requisitos aplicables ás plantas comercializadas para o consumidor final en rexións de clima mediterráneo*

As plantas non se comercializarán a non ser que o 95 por 100 de cada lote sexa de calidade cabal e comercial.

1. Non se considerarán de calidade cabal e comercial as plantas que presenten algúns dos seguintes defectos:

- a) Feridas distintas das causadas pola poda ou feridas debidas ós danos de arrinca.
- b) Ausencia de gomos susceptibles de produciren un abrocho apical.
- c) Talos múltiples.
- d) Sistema radicular deformado.
- e) Signos de desecamento, requecemento, balorecemento, podremia ou danos causados por organismos nocivos.
- f) Desequilibrio entre a parte aérea e a parte radical.

## 2. Dimensións das plantas:

## a) Especies que figuran no anexo I.

Especie	Idade máxima (anos)	Altura mínima (cm)	Altura máxima (cm)	Diámetro mínimo do colo da raíz (mm)
Abies pinsapo (1)				
Pinus canariensis	1	10	25	2
	2	15	35	3
Pinus halepensis	1	8	25	2
	2	12	40	3
Pinus leucodermis	1	8	25	2
	2	10	35	3
Pinus nigra	1	8	15	2
	2	10	20	3
Pinus pinaster	1	7	30	2
	2	15	45	3
Pinus pinea	1	10	30	3
	2	15	40	4
Pinus sylvestris	1	8	15	2
	2	10	20	3
Quercus ilex	1	8	30	2
	2	15	50	3
Quercus suber	1	13	60	3

(1) Indícase unicamente para cultivo en recipiente: idade mínima: 3 seivas; idade máxima: 6 seivas; altura mínima: metade da altura do recipiente; altura máxima: a altura do recipiente; diámetro mínimo do colo da raíz: 3,5 milímetros.

## b) Especies que figuran no anexo XII.

Especie	Idade máxima (anos)	Altura mínima (cm)	Altura máxima (cm)	Diámetro mínimo do colo da raíz (mm)
Pinus uncinata	1	4	—	2
	2	6	—	2
	3	8	—	2
Quercus faginea	1	6	30	2
	2	10	50	3
Quercus pyrenaica	1	6	30	2
	2	10	50	3

## 3. Tamaño do recipiente, se se utiliza.

Especie	Volumen mínimo do recipiente (cm <sup>3</sup> )
Pinus pinaster .....	120
Outras especies .....	200

## ANEXO VIII

## PARTE A

Modelo de certificado patrón de identidade para materiais de reprodución procedente de fontes das sementes e de matas, emitido de conformidade coa Directiva 1999/105/CE

ESTADO MEMBRO:.....	CERTIFICADO N°. CE (CÓDIGO DE ESTADO MEMBRO/N°):.....
---------------------	---

Certifícase que os materiais de reprodución forestal descritos a continuación se produciron:

De conformidade coa Directiva comunitaria

En virtude de acordos transitorios

1. Nome botánico: .....

<b>2. Natureza dos materiais de reprodución:</b> Froitos e sementes <input type="checkbox"/> Plantas <input type="checkbox"/> Partes de plantas <input type="checkbox"/> <b>3. Categoría dos materiais de reprodución:</b> Identificado <input type="checkbox"/> Seleccionado <input type="checkbox"/> Controlado <input type="checkbox"/>
--

<b>4. Tipo de material de base:</b> Fonte de sementes <input type="checkbox"/> Mata <input type="checkbox"/>
--

5. Obxectivo(s): .....

6. Referencia de rexistro de país ou identidade dos materiais de base no rexistro nacional:

..... / Mestura:.....

7. Autóctono  Indíxena  Non autóctono  Non indíxena  Orixe descoñecida

8. Orixe dos materiais de base (para materiais non autóctonos ou non indíxenas, se se coñece):

.....

9. País e rexión de procedencia dos materiais de base: .....

Procedencia (título curto, se procede): .....

10. Altitude ou franxa de altitude de localización dos materiais de base: .....

11. Ano de maduración das sementes: .....

12. Cantidade de material de reprodución:

Froitos: .....kg .....Hl. Sementes: .....kg

Partes de plantas: .....unidades Plantas: .....unidades

13. ¿Provéen o material ó que fai referencia este certificado da subdivisión dun lote máis amplo correspondente a un certificado comunitario previo?

Si  Non  Número do certificado previo: ..... Cantidade do lote inicial: .....

14. Duración de cultivo no viveiro: .....

15. ¿Houbo propagación vexetativa ulterior dos materiais procedentes de sementes? Si  Non

Método de propagación: ..... Número de ciclos de propagación: .....

16. Outra información pertinente: .....

17. Nome e enderezo do provedor: .....

.....

Nome e enderezo do órgano competente da comunidade autónoma:

Selo do órgano competente da comunidade autónoma:

Data: .....

Nome do funcionario responsable:

Sinatura:

## PARTE B

**Modelo de certificado patrón de identidade para materiais de reprodución procedente de sementeiros ou de proxenitores familiares,  
emitido de conformidade coa Directiva 1999/105/CE**

ESTADO MEMBRO: .....	CERTIFICADO N.º. CE (CÓDIGO DE ESTADO MEMBRO/N.º): .....
----------------------	--

**Certifícase que os materiais de reprodución forestal descritos a continuación se produciron:**

De conformidade coa Directiva comunitaria  En virtude de acordos transitorios

1. a) Nome botánico: .....

b) Nome dos materiais de base (segundo figura no catálogo) .....

2. Natureza dos materiais de reprodución:  
Froitos e sementes  Partes de plantas  Plantas

3. Categoría dos materiais de reprodución: Cualificado  Controlado

4. Tipo de material de base: Sementeiro  Proxenitores familiares

5. Obxectivo(s): .....

6. Referencia de rexistro do país ou identidade dos materiais de base no rexistro nacional: .....

7. autóctono  Indíxena  Non autóctono  Non indíxena  Orixe descoñecida

8. Orixe dos materiais de base (para materiais non autóctonos ou non indíxenas, se se coñece): .....

9. País e rexión de procedencia dos materiais de base: .....

Procedencia (título curto, se procede): .....

10. Semente procedente de:

polinización libre  polinización suplementaria  polinización controlada

11. Ano de maduración das sementes: .....

12. Cantidade de material de reprodución:

Froitos: .....kg .....Hl. Sementes: .....kg

Partes de plantas: .....unidades Plantas: .....unidades

13. ¿Provéen o material ó que fai referencia este certificado da subdivisión dun lote máis amplo correspondente a un certificado comunitario previo?

Si  Non  Número do certificado previo: ..... Cantidade do lote inicial: .....

14. Duración de cultivo no viveiro: .....

.....

15. Número de compoñentes representados:

Familias..... Clons.....

16. Altitude ou franxa de altitude da localización dos materiais de base: .....

17. ¿Utilizouse a modificación xenética na produción dos materiais de base?

Si  Non

18. Para os materiais de reprodución derivados de proxenitores familiares:

Sistema de hibridación .....

Distribución en porcentaxe relativa (%) das familias compoñentes .....

19. ¿Houbo propagación vexetativa ulterior dos materiais procedentes de sementes? Si  Non

Método de propagación ..... Número de ciclos de propagación .....

20. Outra información pertinente: .....

21. Nome e enderezo do provedor: .....

Nome e enderezo do órgano competente da comunidade autónoma:

Selo do órgano competente da comunidade autónoma:

Data: .....

Nome do funcionario responsable:

Sinatura:

## PARTE C

## Modelo de certificado patrón de identidade para materiais de reprodución procedentes de clons e de mesturas de clons

ESTADO MEMBRO: .....	CERTIFICADO N°. CE (CÓDIGO DE ESTADO MEMBRO/N°): .....
----------------------	--

Certifícase que os materiais de reprodución forestal descritos a continuación se produciron:

De conformidade coa Directiva comunitaria

En virtude de acordos transitorios

1. Nome botánico: .....

2. Natureza dos materiais de reprodución:  
Partes de plantas  Plantas

3. Categoría dos materiais de reprodución:  
Cualificado  Controlado

4. Tipo de material de base:  
Clons   
Mestura de clons

5. Obxectivo(s): .....

6. Referencia de rexistro de país ou identidade dos materiais de base no rexistro nacional:

..... / Mestura: .....

7. Autóctono  Indíxena  Non autóctono  Non indíxena  Orixe descoñecida

8. Orixe dos materiais de base (para materiais non autóctonos ou non indíxenas, se se coñece): .....

9. País e rexión de procedencia dos materiais de base: .....

Procedencia (título curto, se procede): .....

10. ¿Utilizouse a modificación xenética na produción dos materiais de base?

Si  Non

11. a) Método de propagación: ..... b) Número de ciclos de propagación: .....

12. Cantidade de material de reprodución:

Partes de plantas: .....unidades Plantas: .....unidades

13. ¿Provéen o material o que fai referencia este certificado da subdivisión dun lote máis amplo correspondente a un certificado comunitario previo?

Si  Non  Número do certificado previo: ..... Cantidade do lote inicial: .....

14. Duración de cultivo en: .....

15. Para as mesturas de clons:

Número de clons na mestura: .....

Distribución en porcentaxe relativa (%) de clons compoñentes: .....

16. Outra información pertinente: .....

17. Nome e enderezo do provedor: .....

.....

Nome e enderezo do órgano competente da comunidade autónoma:

Selo do órgano competente da comunidade autónoma:

Data: .....

Nome do funcionario responsable:

Sinatura:

## ANEXO IX

**Etiquetas e documentos do provedor que se deben empregar cando se comercialicen os materiais forestais de reprodución (fritos e sementes, partes de plantas e plantas) producidos en España.**

Con carácter xeral, as etiquetas deberanse numerar e as súas dimensións serán de 120 x 75 mm.

**A) Modelos de ETIQUETAS do provedor no caso de FROITOS e SEMENTES**

## 1) MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN CONTROLADO. SEMENTES. NORMAS U.E.

Código e número do certificado patrón:

Número de lote:

Especie (nome botánico):

Tipo e nome do material de base:

Material autóctono/indíxena, non autóctono/non indíxena, orixe descoñecida

Ano de maduración:

Material xeneticamente modificado: si / non

Cantidade (envase / total): *(especificar unidade de medida)*

Provedor:

Número de documento do provedor:

Se se aplica o número 5 do artigo 4, figurará "Autorizado provisionalmente".

## 2) MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN CUALIFICADO. SEMENTES. NORMAS U.E.

Código e número do certificado patrón:

Número de lote:

Especie (nome botánico):

Tipo e nome do material de base:

Material autóctono/indíxena, non autóctono/non indíxena, orixe descoñecida

Ano de maduración:

Material xeneticamente modificado: si / non

Cantidade (envase / total): *(especificar unidade de medida)*

Provedor:

N.º documento do provedor:

## 3) MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN SELECCIONADO. SEMENTES. NORMAS U.E.

Código e número do certificado patrón:

Número de lote:

Especie (nome botánico):

Tipo de material de base:

Rexión de procedencia (nome e código de identidade):

Material autóctono/indíxena, non autóctono/non indíxena, orixe descoñecida

Ano de maduración:

Cantidade (envase /total): *(especificar unidade de medida)*

Provedor:

Número de documento do provedor:



## 4) MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN IDENTIFICADO. SEMENTES. NORMAS U.E.

Código e número do certificado patrón:

Número de lote:

Especie (nome botánico):

Tipo de material de base:

Rexión de procedencia (nome e código de identidade):

Material autóctono/indíxena, non autóctono/non indíxena, orixe descoñecida

Ano de maduración:

Cantidade (envase / total): *(especificar unidade de medida)*

Provedor:

Número de documento do provedor:

**B) Modelo do DOCUMENTO do PROVEDOR no caso de FROITOS e SEMENTES**

SEMENTES. NORMAS U.E.

Documento do provedor número:

Código e número do certificado patrón:

Número de lote:

Especie (nome botánico):

Natureza: froito/semente

Categoría: material forestal de reprodución controlado / cualificado / seleccionado / identificado

Tipo (e nome, se é o caso) do material de base:

Rexión de procedencia (para o material de reprodución seleccionado ou identificado) (Nome e código de identidade):

Material autóctono/indíxena, non autóctono/non indíxena, orixe descoñecida

Ano de maduración:

Cantidade: *(especificar unidade de medida)*

Número(s) das etiquetas:

Número e tipo de envases:

Pureza (percentaxe):

Xerminación (se é imposible ou moi difícil de determinar este dato, substituílo por Viabilidade, indicando o método empregado) (percentaxe):

Peso de 1.000 sementes puras (gr):

Número de sementes xerminables/kg de produto comercializado (se é imposible ou moi difícil de determinar este dato, substituílo por: Número de sementes viables /kg de produto comercializado)

Data de análise:

Conservación en cámara frigorífica:

Provedor:

Obxectivo:

Material xeneticamente modificado: si / non

**C) Modelo de ETIQUETAS do provedor no caso de PARTES DE PLANTAS E PLANTAS**

- 1) MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN CONTROLADO. PARTES DE PLANTAS E PLANTAS. NORMAS U.E.

Código e número do certificado patrón:

Número de lote:

Especie (nome botánico):

Tipo e nome do material de base:

Material autóctono/indíxena, non autóctono/non indíxena, orixe descoñecida

Idade:

Material xeneticamente modificado: si / non

Cantidade de partes de plantas ou de plantas (Feixe ou bandexa<sup>(1)</sup> / Total):

Provedor:

N.º de documento do provedor:

Tipo de planta:

A raíz núa:

En recipiente:

Tipo:

Volume (cm<sup>3</sup>):

Se se aplica o número 5 do artigo 4, figurará: "Admitido provisionalmente"

- 2) MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN CUALIFICADO. PARTES DE PLANTAS E PLANTAS. NORMAS U.E.

Código e número do certificado patrón:

Número de lote:

Especie (nome botánico):

Tipo e nome do material de base:

Material autóctono/indíxena, non autóctono/non indíxena, orixe descoñecida

Idade:

Cantidade de partes de plantas ou de plantas (Feixe ou bandexa<sup>(1)</sup> / Total):

Provedor:

Número de documento do provedor:

Tipo de planta:

A raíz núa:

En recipiente:

Tipo:

Volume (cm<sup>3</sup>)?

- 3) MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN SELECCIONADO. PARTES DE PLANTAS E PARTES DE PLANTAS. NORMAS U.E.

Código e número do certificado patrón:

Número de lote:

Especie (nome botánico):

Tipo de material de base:

Rexión de procedencia (nome e código de identidade):

Material autóctono/indíxena, non autóctono/non indíxena, orixe descoñecida

Idade:

Provedor:

Número de documento do provedor:

Tipo de planta

A raíz núa:

En recipiente:

Tipo:

Volume (cm<sup>3</sup>):

4) MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN IDENTIFICADO. PARTES DE PLANTAS E PLANTAS. NORMAS U.E.

Código e número do certificado patrón:

Número de lote:

Especie (nome botánico):

Tipo de material de base:

Rexión de procedencia (nome e código de identidade):

Material autóctono/indíxena, non autóctono/non indíxena, orixe descoñecida

Idade:

Cantidade de partes de plantas ou de plantas (Feixe ou bandexa <sup>(1)</sup> / Total):

Provedor:

N.º de documento do provedor:

Tipo de planta

A raíz núa:

En recipiente:

Tipo:

Volume (cm<sup>3</sup>):

<sup>(1)</sup> Condicionado á posibilidade da súa contaxe

**D) Modelo do DOCUMENTO do PROVEDOR no caso de PLANTAS E PARTES DE PLANTAS:**

PLANTAS E PARTES DE PLANTAS. NORMAS U.E.

Documento do provedor número:

Código e número do certificado patrón:

Número de lote:

Especie (nome botánico):

Categoría: material forestal de reprodución controlado / cualificado / seleccionado / identificado

Tipo (e nome, se é o caso) do material de base:

Rexión de procedencia (para o material forestal de reprodución seleccionado ou identificado). Nome e código de identidade:

Material autóctono/indíxena, non autóctono/non indíxena, orixe descoñecida

Material xeneticamente modificado: si / non

Material propagado vexetativamente: si / non

No caso de *Populus spp.*, para as partes de planta, número de clasificación CE:

Cantidade:

Número(s) das etiquetas:

Provedor:

Tipo de planta:

A raíz núa:  Práctica de cultivo

En recipiente:

Tipo

Volume (cm<sup>3</sup>)

Cantidade <sup>(1)</sup>

## ANEXO X

**Rexistro nacional de materiais de base para a produción dos materiais forestais de reprodución identificados, seleccionados, cualificados e controlados**

Datos necesarios para a elaboración do rexistro nacional dos materiais de base, segundo as diferentes categorías do material forestal de reprodución, que serán facilitados polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma á Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

**Información común para tódolos tipos de materiais de base:**

**Órgano competente da comunidade autónoma:** institución encargada da aprobación do material de base e que envía a información.

**Categoría do material forestal de reprodución:** identificado / seleccionado / cualificado / controlado.

**Tipo do material de base:** fonte de sementes / mata / sementeiro / proxenitores familiares / clons / mestura de clons.

**Permanencia do material de base:** en matas, permanente ou temporal.

**Obxectivo:** multifuncional, produción de madeira, froito, cortiza, etc.

**Autenticidade do material de base:** autóctono/ indíxena/ non autóctono/ non indíxena/ orixe descoñecida.

**Especie:** nome científico da especie.

**Rexión de procedencia:** número e nome de rexión de procedencia.

**Código:** para completar pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

**Provincia:** nome da provincia.

**Termo municipal:** nome do termo municipal e código INE.

**Nome de monte:** nome do monte.

**Identificación:** unidades de ordenación ou zona, accidentes xeográficos, etc.

**N.º UP:** número no Catálogo de Montes de Utilidade Pública.

**N.º elenco:** n.º do consorcio ou convenio.

**N.º mapa:** n.º de folla(s) 1:50.000.

**Lonxitude:** coordenadas xeográficas; GG\_MM\_SS W/E.

**Latitude:** coordenadas xeográficas; GG\_MM\_SS.

**X\_UTM:** coordenada UTM en metros.

**Y\_UTM:** coordenada UTM en metros.

**Fuso:** ó que se refiren as coordenadas UTM.

**Rango de altitude:** rango de altitude, en metros.

**Superficie (ha):** superficie en hectáreas, cun decimal.

**Tipo de propiedade:** Estado, comunidade autónoma, deputación, comunidade supramunicipal, concello, entidade local menor, particular.

**Propietario:** nome da entidade ou persoa titular.

**Datos do propietario:** enderezo completo e teléfono.

**Observacións:** comentarios de interese.

**Institución de xestión:** nome da institución encargada da xestión.

**Organismo de autorización:** institución encargada da autorización da recolección do material forestal de reprodución. Enderezo completo e teléfono.

**Organismo de control:** institución encargada do control da recolección do material forestal de reprodución. Enderezo completo e teléfono.

**Información complementaria no caso de materiais de base para a produción de material forestal de reprodución da categoría seleccionado:**

Seguindo o anexo III, enviarase un informe do cumprimento dos puntos sobre orixe, illamento, tamaño efectivo da poboación, idade e desenvolvemento, uniformidade, capacidade de adaptación, saúde e resistencia, acceso e delimitación.

Respecto ós puntos sobre produción de madeira, cortiza ou froito enviarase:

- a) Tipo de mostraxe utilizada para caracteriza-la mata: clase de percorrido, número de árbores...
- b) Caracteres analizados (rectitude, bifurcación e inclinación do fuste, ángulo e grosor das pólas, calidade da cortiza, produción de froito, etc.).
- b) Valoración en clases dos caracteres.
- c) Resultados numéricos da caracterización: porcentaxe de árbores en cada unha das clases dos caracteres analizados.
- d) e) Idade, altura e diámetro medios obtidos; número de árbores medidas.

**Información complementaria no caso de materiais de base para a produción de material forestal de reprodución da categoría cualificado:**

**Sementeiros.**

- a) Tipo de sementeiro: obtido por reprodución sexual ou asexual.
- b) Tipo e características principais do deseño.
- c) Número de clons ou familias que o compoñen e número de repeticións.
- d) Illamento: distancia respecto a masas da mesma especie ou de especies de posible hibridación.
- e) Para cada ortet ou proxenitor, ficha descritiva con aqueles caracteres polos que foi seleccionado, especialmente os relativos ós requisitos 4, 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15 e 16 do anexo III.
- f) Rareos levados a cabo indicando o número de clons/ familias que se eliminaron e motivo.

**Proxenitores familiares**

- a) Para cada elemento compoñente: ficha descritiva con aqueles caracteres polos que foi seleccionado, especialmente os relativos ós requisitos 4, 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15 e 16 do anexo III.
- b) Número de compoñentes e proporción de proxenitores existente da mestura.
- c) Esquema de cruzamento e sistema de polinización utilizados.
- d) No caso de proxenitores para a produción de híbridos artificiais, explicación do ensaio de verificación realizado

**Clons/ mestura de clons**

- a) Para cada clon: ficha descritiva con aqueles caracteres polos que foi admitido.
- b) Descrición dos ensaios realizados e resultados.
- c) Número e proporción de clons que compoñen a mestura.
- d) Número máximo de anos para a produción de material forestal de reprodución.

**Información complementaria no caso de materiais de base para a produción de material forestal de reprodución da categoría controlado:**

**Sementeiros.**

- a) Tipo de sementeiro: obtido por reprodución sexual ou asexual.
- b) Tipo e características principais do deseño.
- c) Número de clons ou familias que o compoñen e número de repeticións.
- d) Illamento: distancia respecto a masas da mesma especie ou de especies de posible hibridación.
- e) Para cada ortet ou proxenitor, ficha descritiva con aqueles caracteres polos que foi seleccionado, especialmente os relativos ós requisitos 4, 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15 e 16 do anexo III.

c

- f) Rareos levados a cabo indicando o número de clons/ familias que se eliminaron e motivo.
- g) Tipos de ensaio: ensaios comparativos ou ensaios de avaliación xenética dos compoñentes dos materiais de base; número de ensaios realizados de cada tipo e número de parcelas por ensaios.
- h) Características das parcelas de ensaios: situación, clima, solo, usos anteriores, establecemento e danos.
- i) Descrición dos elemento ensaiados, incluídos os modelos.
- j) Caracteres analizados nos ensaios.
- k) Valoración en clases dos caracteres analizados nos ensaios.
- l) Idade dos elementos na avaliación.
- m) Resultados numéricos da avaliación.
- n) En caso de ensaios precoces: tipos de ensaios, caracteres medidos e resultados.
- o) Rexión ou rexións nas que se suxire a probable adaptación e as características que poderían limita-la súa utilidade.

**Proxenitores familiares**

- a) Para cada elemento compoñente: ficha descritiva con aqueles caracteres polos que foi seleccionado, especialmente os relativos ós requisitos 4, 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15 e 16 do anexo III.
- b) Número de compoñentes e proporción de proxenitores existente da mestura.
- c) Esquema de cruzamento e sistema de polinización utilizados.
- d) No caso de proxenitores para a produción de híbridos artificiais, explicación do ensaio de verificación realizado.
- e) Tipos de ensaio: ensaios comparativos ou ensaios de avaliación xenética dos compoñentes dos materiais de base; número de ensaios realizados de cada tipo e número de parcelas por ensaios.
- f) Características das parcelas de ensaios: situación, clima, solo, usos anteriores, establecemento e danos.
- g) Descrición dos elementos ensaiados, incluídos os modelos.
- h) Caracteres analizados e esquema de cruzamento utilizado nos ensaios.
- i) Valoración en clases dos caracteres analizados nos ensaios.
- j) Idade dos elementos na avaliación.
- k) Resultados numéricos da avaliación.
- l) En caso de ensaios precoces: tipos de ensaios, caracteres medidos e resultados.
- m) Rexión ou rexións nas que se suxire a probable adaptación e as características que poderían limita-la súa utilidade.

**Clons/ mestura de clons**

- a) Para cada clon: ficha descritiva con aqueles caracteres polos que foi admitido.
- b) Descrición dos ensaios realizados e resultados.
- c) Número e proporción de clons que compoñen a mestura.
- d) Número máximo de anos para a produción de material forestal de reprodución.
- e) Tipos de ensaio: ensaios comparativos o ensaios de avaliación xenética dos compoñentes dos materiais de base; número de ensaios realizados de cada tipo e número de parcelas por ensaios.
- f) Características das parcelas de ensaios: situación, clima, solo, usos anteriores, establecemento e danos.
- g) Descrición dos elementos ensaiados, incluídos os modelos.
- h) Caracteres analizados nos ensaios.
- i) Valoración en clases dos caracteres analizados nos ensaios.
- j) Idade dos elementos na avaliación.
- k) Resultados numéricos da avaliación.
- l) En caso de ensaios precoces: tipos de ensaios, caracteres medidos e resultados.
- m) Características dos campos de planta nai admitidos: identificación, situación, composición e establecemento.
- n) Rexión ou rexións nas que se suxire a probable adaptación e as características que poderían limita-la súa utilidade.

## ANEXO XI

**Rexións de procedencia para as especies ás que se refire o artigo 6.2 para as especies que se mencionan a continuación.**

**1. Especies.**

<u>CLAVE</u>	<u>ESPECIE</u>
676	<i>Acer platanoides</i> L.
576	<i>Acer pseudoplatanus</i> L.
054	<i>Alnus glutinosa</i> Gaertn.
373	<i>Betula pendula</i> Roth.
273	<i>Betula pubescens</i> Ehrh.
098	<i>Carpinus betulus</i> L.
072	<i>Castanea sativa</i> Mill.
455	<i>Fraxinus angustifolia</i> Vahl.
255	<i>Fraxinus excelsior</i> L.
028	<i>Pinus radiata</i> D. Don.
051	<i>Populus alba</i> L.
058	<i>Populus nigra</i> L.
052	<i>Populus tremula</i> L.
095	<i>Prunus avium</i> L.
034	<i>Pseudotsuga menziesii</i> Franco.
243	<i>Quercus pubescens</i> Willd.
092	<i>Robinia pseudoacacia</i> L.
277	<i>Tilia cordata</i> Mill.
377	<i>Tilia platyphyllos</i> Scop.

**2. Rexións de procedencia**

N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
1	E-*-01	Galicia litoral	41° 52' N 43° 25' N	7° 44' W 9° 18' W	200-400	Provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Esténdese desde o litoral occidental galego ata as montañas interiores do macizo galaico. Ó norte queda limitada pola ría de Betanzos e o tramo baixo do río Eume. O límite meridional correspóndese coa fronteira portuguesa.

c

N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
2	E-*-02	Montañas e mesetas interiores de Galicia	42° 48' N 43° 27' N	6° 16' W 8° 31' W	400-800	Provincias de Lugo, Ourense, Pontevedra e León. Abrangue as montañas interiores de mediana altitude do Macizo galaico, incluíndo os montes do Testeiro, ó oeste, e chegando á cabeceira do río Eume, na serra do Xistral, cara ó norte. O límite oriental encóntrase nas elevadas serras do Macizo galaico que enlazan coas montañas cantábricas, e nas serras occidentais de Ourense. Inclúese, ademais, a depresión do Bierzo, que é o seu límite máis oriental.
3	E-*-03	Litoral astur-cántabro	43° 08' N 43° 48' N	3° 09' W 8° 19' W	0-400	Provincias da Coruña, Lugo, Asturias, Cantabria e Bizkaia. Correspóndese coa fachada cantábrica, desde a ría de Betanzos como límite occidental, ata Castro Urdiales, como límite oriental. Inclúense os relevos máis setentrionais dos macizos galaico e asturiano, así como as montañas cántabras máis próximas ó litoral.
4	E-*-04	Vertente setentrional cantábrica	42° 28' N 43° 23' N	3° 40' W 7° 23' W	800-1400	Provincias de Lugo, León Asturias e Cantabria. Ocupa a vertente setentrional da alta montaña cantábrica e as montañas galaico-leonesas; a serra dos Ancares e a serra do Courel son o seu límite occidental e o val do Pas o seu límite oriental. Inclúe, ademais, as vertentes montañosas que desaugan no Cantábrico, as que forman os afluentes do río Miño e o río Sil e que van desembocar ó Atlántico.
5	E-*-05	Vertente meridional cantábrica-lombas da Maragatería	42° 48' N 43° 27' N	6° 16' W 8° 31' W	1000-1400	Provincias de Ourense, León, Zamora, Palencia e Cantabria. Comprende as serras zamorano-leonesas e a vertente sur da Cordilleira Cantábrica; o seu límite máis meridional é a serra de La Culebra, o occidental a Serra de San Mamede e o oriental as gornas do río Ebro, no límite de Burgos con Cantabria.



N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
6	E-*-06	Litoral vasco	42° 44' N 43° 27' N	1° 13' W 3° 17' W	0-600	Provincias de Guipúzcoa, Bizkaia, Álava e Navarra. Comprende o sector setentrional dos montes vascos e as montañas occidentais navarras ata o val de Baztán. O extremo meridional está nas serras de Urbasa e Andía, seguindo, basicamente cara ó leste, o límite entre as provincias de Guipúzcoa e Bizkaia.
7	E-*-07	Montes vasco-navarros	42° 23' N 43° 17' N	1° 09' W 3° 59' W	400-1000	Provincias de Álava, Bizkaia, Navarra, Cantabria e Burgos, Engloba as serras meridionais do leste da cordilleira Cantábrica, as máis externas das montañas navarras ó sur de Pamplona e os somotes desta coa bacía do Ebro.
8	E-*-08	Pirineo axial	42° 08' N 43° 03' N	1° 36' W 2° 27' W	1200-2000	Provincias de Navarra, Huesca, Lleida, Barcelona e Girona. Abrangue o alto Pirineo axial, as serras interiores e o sector setentrional das serras exteriores navarras, ata o val de Baztán. O seu extremo oriental limita coa comarca de La Garrotxa. Todo o conxunto se corresponde coa vertente meridional pirenaica, coa excepción do val de Arán, que se encontra localizado ó norte da divisoria.
9	E-*-09	Prepirineo	41° 34' N 42° 53' N	2° 47' E 1° 34' W	800-1200	Provincias de Navarra, Zaragoza, Huesca, Lleida, Barcelona e Girona. Ocupa a área montañosa correspondente ó sector setentrional das serras exteriores pirenaicas en Cataluña e Aragón e o meridional en Navarra. Esténdese desde Pamplona ata o sector máis nororiental do sistema costeiro catalán, correspondente á comarca de La Garrotxa, a serra de Montseny, e a serra de San Llorenç pertencentes á cordilleira prelitoral catalana.

c

N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
10	E*-10	Litoral catalán	41° 16' N 42° 29' N	1° 38' E 3° 18' E	0-400	Provincias de Barcelona e Girona. Engloba toda a fachada nororiental do litoral catalán, desde a fronteira con Francia ata Castelldefels. Comprende a práctica totalidade da cordilleira litoral catalana, a depresión prelitoral, a cordilleira transversal, e o sector máis oriental dos Pirineos, desde o nacemento do río Muga ata o cabo de Creus e con orientación leste-oeste.
11	E*-11	Orla setentrional da depresión do Ebro	41° 04' N 42° 21' N	1° 03' E 2° 23' E	400-800	Provincias de Zaragoza, Huesca, Lleida, Girona e Barcelona. Está conformada polas vertentes e piedemontes meridionais das serras exteriores pirenaicas en Aragón e Cataluña, e o sector central e sudoccidental do sistema costeiro catalán desde a serra de Llorenç e serra de Montsant ata o río Ebro. Inclúese, ademais, a serra de Alcubierre na que os relevos se internan cara ó centro da bacía do Ebro.
12	E*-12	Depresión do Ebro	40° 58' N 42° 01' N	1° 01' E 1° 32' W	200-400	Provincias de Zaragoza, Huesca, Teruel, Tarragona e Lleida. Esta rexión inclúe o sector central da bacía do Ebro. De forma triangular, máis estreita no seu sector noroccidental ó oeste de Zaragoza, alárgase cara ó leste ó unirse ás bacías dos tributarios Cinca e Segre nos Llanos leridanos.
13	E*-13	Orla meridional da depresión do Ebro	40° 40' N 41° 49' N	0° 17' E 2° 25' W	600-1000	Provincias de Guadalajara, Zaragoza, Teruel e Tarragona. Correspóndese, principalmente, co sector marxinal do Sistema Ibérico na súa rama aragonesa que desde a Serra do Moncayo bordea a depresión do Ebro polo seu extremo meridional ata os portos de Beceite, pertencentes xa ó sistema costeiro catalán. Comprende, tamén, gran parte da bacía hidrográfica da fosa de Calatayud.

N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
14	E*-14	La Rioja	41°43' N 42°43' N	0°43' W 3° 10' W	200-800	Provincias de Alava, Burgos La Rioja, Navarra, Zaragoza e Huesca. Comprende o sector do tramo medio da depresión do Ebro, desde o límite provincial de La Rioja con Burgos ata máis alá do límite de Navarra con Zaragoza, incluíndo a bacía do río Adra, na comarca das Cinco Villas.
15	E*-15	Sistema Ibérico setentrional-Macizo do Mocayo	41° 36' N 41° 24' N	1° 36' W 3° 34' W	1000-1400	Provincias de Burgos, La Rioja, Soria e Zaragoza. Esta rexión inclúe as montañas do Sistema Ibérico noroccidental, desde as serras da Demanda e Covarrubias ata a serra do Moncayo. Ó norte limita coa bacía do Ebro e, ó sur, coa do Douro.
16	E*-16	Páramos do Douro-Fosa de Almazán	40° 53' N 42°52' N	2° 01' W 6° 08' W	800-1200	Provincias de León, Palencia, Burgos, Valladolid, Segovia, Soria, Guadalajara. Ocupa principalmente os páramos e as campiñas setentrionais e orientais da submeseta norte, pertencentes á bacía do Douro e, nunha pequena porción ó nordeste á do Ebro. O seu límite noroccidental encóntrase en Astorga, o nororiental e oriental corresponde ó corredor da Bureba e ó Sistema Ibérico noroccidental e o meridional márcano os sopés de montes e serras de enlace do Sistema Central co Sistema Ibérico ata La Alcarria.
17	E*-17	Tierras del Pan y del Vino	40° 20' N 42° 29' N	3° 53' W 6° 55' W	600-1000	Provincias de Segovia, Ávila, Salamanca, Zamora, Valladolid, León e Palencia. Correspóndese co núcleo da bacía do Douro. O seu límite occidental márcano a fronteira portuguesa e os somotes das serras de la Cabrera e La Culebra. O setentrional e o oriental, os páramos e campiñas externos da bacía do Douro e o meridional o sopé de monte do Sistema Central.

c

N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
18	E*-18	Serra de Gata	40° 06' N 40° 38' N	5° 26' W 7° 02' W	400-1200	Provincias de Salamanca e Cáceres. Confórmaa o sector máis occidental do Sistema Central. Comprende desde a fronteira portuguesa, as serras de Gata, da Peña de Francia e a vertente noroccidental do macizo occidental da serra de Gredos. Ó norte limita coa chaira da bacía do Douro e ó sur coa depresión do Texo.
19	E*-19	Serra de Gredos	42° 48' N 43° 27' N	6° 16' W 8° 31' W	1000-1800	Provincias de Madrid, Ávila, Cáceres e Toledo. Correspóndese co sector máis elevado e extenso do Sistema Central. Compóñeno unha serie de aliñacións montañosas e vales, máis ou menos paralelos e de dirección leste nordeste-oeste sudoeste. As serras correspóndense, de norte a sur coa serra de Ávila, serra de La Paramera e os macizos oriental, central e vertente sudoeste do macizo occidental da serra de Gredos.
20	E*-20	Serra de Guadarrama-Ayllón	40° 08' N 41° 12' N	2° 41' W 4° 42' W	800-1800	Provincias de Ávila, Segovia, Guadalajara e Madrid. Engloba as montañas, vales e sopés de montes das serras de Guadarrama, Somosierra e Ayllón. Ó sudoeste limita coa serra de Gredos. O límite setentrional é a depresión do Douro e o meridional a depresión do Texo. Ó leste limita coas serras de enlace dos sistemas Central e Ibérico.
21	E*-21	Alcarrias	39° 34' N 40° 51' N	0° 18' W 3° 09' W	800-1200	Provincias de Madrid, Cuenca, Guadalajara, Zaragoza e Teruel. Esta rexión inclúe os relevos que conforman os páramos das provincias de Madrid e Guadalajara, e as parameiras do sector central do Sistema Ibérico que enmarcan os cursos altos dos ríos Texo, Tajuña e Jiloca.

N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
22	E*-22	Serra de Albarracín	39° 36' N 40° 18' N	0° 55' W 2° 24' W	1200-1600	Provincias de Guadalajara, Cuenca, Teruel e Valencia. Comprende o sector do Sistema Ibérico correspondente ás serranías de Albarracín e de Cuenca. Ó norte limita coas parameiras do curso alto do río Texo e ó sur coas dos cursos altos do Júcar e do Cabriel. Ó oeste limita coa serra de Altomira e, ó leste, coa fosa de Teruel.
23	E*-23	Sistema Ibérico Oriental	39° 48' N 40° 57' N	0° 17' E 1° 19' W	800-1600	Provincias de Tarragona, Teruel, Castellón e Valencia. Esténdese fundamentalmente polas provincias de Castellón e Teruel, polas serras de Gúdar, Javalambre e Espadán e a comarca do Maestrazgo. O seu límite setentrional localízase no Porto de Beceite e o meridional no curso medio do río Turia, mentres que os flancos quedan delimitados pola fosa de Teruel ó oeste e a plana de Castellón ó leste.
24	E*-24	Litoral levantino	38° 37' N 41° 24' N	1° 57' E 0° 47' W	0-400	Provincias de Barcelona, Tarragona, Castellón, Valencia e Alacant. A rexión abrangue a franxa do litoral mediterráneo que descende desde a comarca do Garraf, ó sur de Barcelona, ata Calpe. Cara ó interior os seus límites establécense nos sopés de montes dos sistemas montañosos da Cordilleira Costeira Catalana, ó norte, e as serras orientais do Sistema Ibérico ata alcanza-los somotes béticos do subbético alacantino ó sur do Cabo de La Nao.

c

N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
25	E-*-25	Sistema Ibérico meridional	38° 27' N 40° 01' N	0° 01' E 1° 38' W	200-800	Provincias de Valencia, Cuenca, Albacete, Murcia e Castellón. Comprende as serras marxinais máis meridionais do Sistema Ibérico occidental: serras do Martés, Dos Aguas, Enguera, Les Ajuilles e Mondúver, de dirección ibérica e enlaza coas serras occidentais prebélicas de dirección leste nordeste-oeste sudoeste. O seu límite setentrional establécese no alto Turia, a carón do recanto de Ademuz. Polo leste, engloba as serras do Martés e de La Higuera e polo sur o límite encóntrase na serra de La Carrasqueta.
26	E-*-26	Serranía de Cuenca	39° 27' N 40° 36' N	1° 04' W 2° 58' W	800-1200	Provincias de Guadalajara, Cuenca e Valencia. Correspóndese co sector castelán do Sistema Ibérico sudoccidental. Engloba as serras de Altomira, Altos de Cabrejas e as parameiras dos cursos altos dos ríos Júcar e Cabriel. Ó norte limita coa serranía de Cuenca e as parameiras do Alto Texo e, ó sur, coas chairas manchegas. Ó oeste limita coas chairas da plataforma de Alcázar de San Juan e, ó leste, cos relevos máis sudorientais da Cordilleira Ibérica.
27	E-*-27	Mesa de Ocaña	39° 24' N 40° 17' N	2° 50' W 4° 10' W	400-800	Provincias de Toledo, Madrid e Cuenca. Ocupa o sector meridional da bacía de Madrid, ó sur do río Texo. Os seus límites establécense no páramo de Chinchón e a serra de Altomira, ó leste, e os montes de Toledo ó sudoeste. Polo sur alcanza ata o límite provincial entre Toledo e Ciudad Real.
28	E-*-28	Cuenca de Madrid	39° 50' N 40° 50' N	2° 43' W 4° 36' W	400-800	Provincias de Guadalajara, Madrid e Toledo. Esténdese pola campiña da provincia de Madrid, ó pé da serra de Guadarrama. O seu límite oriental son os páramos calcarios de La Alcarria. Cara ó oeste esténdese ata case alcanza-la confluencia dos ríos Alberche e Texo; este último río é o que debuxa en case a súa totalidade o límite meridional.

N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
29	E-*-29	Montes de Toledo	39° 10' N 39° 53' N	3° 22' W 5° 59' W	200-800	Provincias de Cáceres, Toledo e Ciudad Real. Abrangue os montes de Toledo e as serras noroccidentais cacereñas, desde a serra de Montánchez, no extremo occidental, ata Madridejos. Ó norte limita coa depresión do Texo e ó sur coa do Guadiana.
30	E-*-30	Texo-Campo Arañuelo	39° 08' N 40° 12' N	4° 14' W 7° 30' W	200-600	Provincias de Cáceres e Toledo. Comprende basicamente a bacía occidental do río Texo ata Toledo, a penchaira cacereña e a serra de San Pedro, xunto coas elevacións máis occidentais das serras de Las Villuercas e Montánchez, as cales separan a bacía do Texo e a do Guadiana. Ó norte queda limitada, no seu sector máis occidental, polas primeiras ramplas do Sistema Central e, no oriental, polo río Tiétar.
31	E-*-31	Guadiana-Tierra de Barros	38° 11' N 39° 27' N	4° 28' W 7° 18' W	200-600	Provincias de Badajoz e Cáceres. Correspóndese, principalmente, coa bacía do Guadiana no seu tramo central ata a fronteira con Portugal. O límite oriental encóntrase, basicamente, na divisoria provincial de Badajoz con Ciudad Real excepto na serra de La Rinconada, que queda excluída. O límite sur encóntrase nas serras e relevos de baixa altitude que bordean a Terra de Barros chegando, polo leste, ata a serra de Alcuía. Ó norte limita coas primeiras elevacións da serra de San Pedro, Montánchez e as Villuercas.

c

N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitute (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
32	E-*-32	Campo de Calatrava	38° 21' N 39° 27' N	3° 22' W 5° 10' W	400-800	Provincias de Ciudad Real e Badajoz. Comprende as serras de mediana altitude e escasa entidade que, desde os montes de Toledo, sen solución de continuidade, penetran polo Campo de Calatrava para, máis ó sur, chegar a enlazar con serra Morena. Ó norte limita co curso do río Estena e as serras máis meridionais dos montes de Toledo (Chorito, Pocito, Calderina). Ó sur chega ata as serras de Alcudia, Madrona e San Andrés, pertencentes xa a Serra Morena. O límite occidental encóntrase, basicamente, na divisoria provincial de Badajoz con Ciudad Real incluíndo, ademais, a Serra de La Rinconada. Ó leste, inclúe os relevos volcánicos máis occidentais do Campo de Calatrava que enlazan coa chaira manchega.
33	E-*-33	La Mancha	38° 40' N 39° 45' N	1° 09' W 4° 06' W	600-800	Provincias de Cuenca, Ciudad Real e Albacete. Esténdese fundamentalmente polo núcleo da submeseta meridional, desde o Campo de Calatrava, no seu límite occidental, ata o Sistema Bético, no seu límite oriental. Ó norte limita cos relevos da Cordilleira Ibérica e ó sur coas ramplas do Campo de Montiel.
34	E-*-34	Campo de Montiel	38° 25' N 39° 06' N	1° 56' W 3° 27' W	800-1200	Provincias de Ciudad Real e Albacete. Esta rexión esténdese ó sur da chaira manchega e o seu límite oriental son as bacías do Júcar e Cabriel; polo sudoeste queda limitada polos somotes de Serra Morena e polo sur pola Serra de Alcaraz, a pertencente ó Sistema Bético.
35	E-*-35	Serras de Cazorla e Segura	37° 42' N 38° 40' N	1° 40' W 3° 12' W	1000-1800	Provincias de Albacete, Murcia, Jaén e Granada. Correspóndese coas serras máis elevadas do Prebético: Cazorla, Segura, La Sagra, El Pozo, Alcaraz, Calar del Mundo, Taibillo.



N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
36	E*-36	Subbética murciana	37° 06' N 38° 51' N	0° 33' W 2° 13' W	200-1000	Provincias de Albacete, Alacant, Murcia, Jaén e Granada. Esta rexión engloba as serras menores do Sistema Subbético: serras de San Juan, de En medio, Pinilla, Balade, do Molar, de Zarza, de Espuña, de María, das Estancias, etc. Os seus límites setentrionais establécenos os Llanos de Albacete, Altos de Chinchilla e serras prebéticas alacantinas. Polo sueste limita coa depresión litoral murciana e almeriense. Ó sur, o seu límite alcanza a serra dos Filabres e ó oeste as Serras de Cazorra e Segura.
37	E*-37	Litoral murciano	37° 32' N 38° 38' N	0° 04' W 1° 23' W	0-400	Provincias de Alacant e Murcia. A rexión comprende as depresións litorais situadas ó sueste das serras prebéticas máis orientais. O límite meridional constitúeo a Serra de Cartagena, ó norte da cal se estende o Campo de Cartagena, que constitúe unha extensa chaira costeira.
38	E*-38	Litoral sudoriental andaluz	36° 41' N 37° 58' N	1° 12' W 3° 30' W	0-600	Provincias de Murcia, Almería e Granada. Ocupa a franxa litoral desde a Serra de Cartagena ata a serra granadina de Contraviesa. Os seus límites establécense nos sopés dos montes subbéticos e penibéticos, quedando algúns deles incluídos na rexión, como as serras de Almenara, Alhamilla, Contraviesa e os somontes das serras de Espuña, Los Filabres e de Gádor.
39	E*-39	Serra Nevada-Filabres	36° 52' N 37° 38' N	2° 08' W 3° 42' W	1000-1200	Provincias de Granada e Almería. Abrangue o sector da Cordilleira Bética correspondente ás montañas e ós sopés de montes de Serra Nevada e a serra Los Filabres incluíndo, ademais, a serra de Gádor.

c

N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
40	E-*-40	Subbética granadina	36° 44' N 38° 10' N	2° 44' W 4° 34' W	800-1400	Provincias de Jaén, Granada, Córdoba e Málaga. Inclúe as serras do sector central das montañas externas da zona subbética, dentro do Sistema Bético: serras Gorda, de Alhama, Almjara, Mágina, etc. Os seus límites son as serras prebéticas (Cazorla e Segura), polo nordeste, e a Cadea Penibética (Serra Nevada e Serra de Los Filabres), ó sueste. Os límites noroccidentais establécense na depresión do Guadalquivir e os occidentais polas serras subbéticas do sector de Antequera. Por último, ó sur, está separada do Mediterráneo pola estreita franxa litoral Málaga-Motril.
41	E-*-41	Orla meridional da depresión do Guadalquivir	36° 42' N 38° 29' N	2° 52' W 5° 57' W	200-600	Provincias de Cádiz, Sevilla, Málaga, Córdoba e Jaén. Comprende as marxes meridionais e orientais da bacía sedimentaria do Guadalquivir, así como as vertentes e ramplas pertencentes ó Sistema Bético (zona Subbética principalmente) e, en menor medida, o sector máis oriental do Macizo Hespérico meridional, correspondente ó extremo oriental de Serra Morena na súa vertente sur.
42	E-*-42	Serranía de Ronda	36° 26' N 37° 04' N	4° 31' W 6° 24' W	200-1200	Provincias de Cádiz e Málaga. Ocupa o sector máis occidental da Cordilleira Bética (Subbética) que inclúe a Serranía de Ronda, a serra de Grazalema, a serra Bermeja, xunto con outras pequenas serras menores. Limita, ó norte, coas ramplas que enlazan coa depresión do Guadalquivir e, ó sur, cunha estreita franxa costeira que, desde Estepona a Torremolinos, percorre a costa. Ó oeste limita coa chaira gaditana e, polo leste, chega ata o curso do Guadalhorce.

N.º mapa	Código	Rexión de procedencia	Latitude (límites)	Lonxitude (límites)	Altitude (m) (dominante)	Localización
43	E-*-43	Litoral meridional andaluz	36° 00' N 37° 37' N	3° 21' W 7° 28' W	0-400	Provincias de Huelva, Cádiz, Málaga e Granada. Esta rexión engloba as superficies menos elevadas do litoral meridional andaluz. Inclúe o estreito corredor litoral Motril-Málaga situado ó sur das serras penibéticas e os somotes meridionais subbéticos que descenden desde a serra de Ronda ata o Campo de Gibraltar. Cara ó oeste ábrese incluíndo as chairas da desembocadura do Guadalquivir e de La Tierra Llana de Huelva, ó norte da cal queda limitada a rexión pola Serra de Aracena.
44	E-*-44	Depresión do Guadalquivir	36° 50' N 38° 02' N	4° 31' W 6° 24' W	0-200	Provincias de Sevilla e Córdoba. Engloba a gran depresión comprendida entre os somotes setentrionais das cordilleiras béticas e a liña meridional de Serra Morena.
45	E-*-45	Serra Morena meridional	37° 22' N 38° 15' N	4° 09' W 7° 32' W	200-600	Provincias de Huelva, Sevilla e Córdoba. Abrangue o sector máis meridional de Serra Morena desde a fronteira con Portugal ata o río Yeguas. Ó norte limita co sector setentrional de Serra Morena e, ó sur, coa depresión do Guadalquivir.
46	E-*-46	Serra Morena setentrional	37° 49' N 38° 35' N	4° 12' W 6° 59' W	400-800	Provincias de Badajoz, Huelva, Sevilla e Córdoba. Correspóndese basicamente co sector setentrional de Serra Morena incluíndo as planicies e os relevos de mediana altitude de Extremadura meridional, correspondentes co sur de La Tierra de Barros. O límite occidental encóntrase na fronteira con Portugal e o oriental no río Yeguas. Ó norte limita coa depresión do Guadiana e a comarca de La Serena e, ó sur, cos relevos máis meridionais de Serra Morena.
47	E-*-47	Ibiza	38° 50' N 39° 07' N	1° 10' E 1° 39' E	40-200	Illa de Ibiza.
48	E-*-48	Formentera	38° 38' N 38° 48' N	1° 23' E 1° 35' E	0-100	Illa de Formentera.

c

N.º mapa	Código	Región de procedencia	Latitud (límites)	Longitud (límites)	Altitud (m) (dominante)	Localización
49	E*-49	Mallorca, Conejera e Cabrera	39° 08' N 39° 57' N	2° 19' E 3° 38' E	0-300	Illas de Mallorca, Conejera e Cabrera
50	E*-50	Menorca	39° 48' N 40° 05' N	3° 47' E 4° 20' E	20-100	Illa de Menorca.
51	E*-51	El Hierro	27° 38' N 27° 51' N	17° 53' W 18° 09' W	200-1000	Illa de El Hierro
52	E*-52	La Palma	28° 27' N 28° 51' N	17° 43' W 18° 00' W	300-1500	Illa de La Palma
53	E*-53	La Gomera	28° 01' N 28° 13' N	17° 06' W 17° 21' W	200-900	Illa de La Gomera
54	E*-54	Tenerife	28° 00' N 28° 34' N	16° 07' W 16° 55' W	200-1600	Illa de Tenerife
55	E*-55	Gran Canaria	27° 44' N 28° 10' N	15° 21' W 15° 50' W	100-900	Illa de Gran Canaria
56	E*-56	Fuerteventura	28° 04' N 28° 45' N	13° 49' W 14° 30' W	50-300	Illa de Fuerteventura sen illote de Lobos
57	E*-57	Lanzarote	28° 50' N 29° 14' N	13° 25' W 13° 53' W	50-300	Illa de Lanzarote sen illotes

(\*). Clave correspondente á especie.



**ANEXO XII****Especies ás que se refire a disposición adicional terceira**

Lista de especies forestais e híbridos artificiais:

«Arbutus canariensis» Veill.  
 «Arbutus unedo» L.  
 Híbridos artificiais de «Castanea sativa» Mill.  
 «Ilex aquifolium» L.  
 «Juglans spp.» e híbridos artificiais entre estas especies.  
 «Juniperus communis» L.  
 «Juniperus oxycedrus» L.  
 «Juniperus phoenicea» L.  
 «Juniperus thurifera» L.  
 «Olea europaea» Brot.  
 «Phoenix canariensis» Hort.  
 «Pinus uncinata» Mill.  
 «Pistacia atlantica» Desf.  
 «Quercus canariensis» Willd.  
 «Quercus coccifera» L.  
 «Quercus faginea» Lam.  
 «Quercus pyrenaica» Willd.  
 «Sorbus aria» Crantz.  
 «Sorbus aucuparia» L.  
 «Tamarix gallica» L.  
 «Taxus baccata» L.  
 «Tetraclinis articulata» Masters.  
 «Ulmus minor» Mill. («Ulmus campestris» L.).  
 «Ulmus glabra» Huds.

**ANEXO XIII****Rexións de procedencia ás que se refire a disposición adicional terceira para as especies que se relacionan a continuación**

As mencionadas rexións de procedencia coinciden coas que figuran no anexo XI.

Clave	Especie
268	«Arbutus canariensis» Veill.
068	«Arbutus unedo» L.
072	Híbridos artificiais de «Castanea sativa» Mill.
065	«Ilex aquifolium» L.
075	«Juglans spp.» e híbridos artificiais entre estas especies.
037	«Juniperus communis» L.
237	«Juniperus oxycedrus» L.
039	«Juniperus phoenicea» L.
038	«Juniperus thurifera» L.
066	«Olea europaea» Brot.
069	«Phoenix canariensis» Hort.
293	«Pistacia atlantica» Desf.
049	«Quercus coccifera» L.
278	«Sorbus aria» Crantz.
378	«Sorbus aucuparia» L.
053	«Tamarix gallica» L.
014	«Taxus baccata» L.
219	«Tetraclinis articulata» Masters.
056	«Ulmus minor» Mill. («Ulmus campestris» L.).
256	«Ulmus glabra» Huds.

**4786** REAL DECRETO 290/2003, do 7 de marzo, polo que se establecen os métodos de mostraxe para o control de residuos de praguicidas nos produtos de orixe vexetal e animal. («BOE» 58, do 8-3-2003.)

A Directiva 79/700/CEE da Comisión, do 24 de xullo de 1979, pola que se establecen os métodos comunitarios de toma de mostraxas para o control oficial dos residuos de praguicidas nas froitas e hortalizas, foi incorporada ó ordenamento interno mediante o Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal.

A Directiva 2002/63/CE da Comisión, do 11 de xullo de 2002, pola que se establecen os métodos comunitarios de mostraxe para o control oficial de residuos de praguicidas nos produtos de orixe vexetal e animal e se derroga a Directiva 79/700/CEE, amplía os métodos de mostraxe a tódolos produtos de orixe vexetal a que se refire o citado Real decreto 280/1994 e ós de orixe animal a que se refire o Real decreto 569/1990, do 27 de abril, relativo á fixación de contidos máximos de residuos de praguicidas sobre e nos produtos alimenticios de orixe animal.

A dita ampliación do ámbito de aplicación efectuado pola Directiva 2002/63/CE obriga a derrogar aqueles preceptos do Real decreto 280/1994 nos que se encontraba incorporada a anterior normativa comunitaria sobre esta materia, e elaborar un novo real decreto aplicable ós produtos de orixe animal e vexetal que incorpore a Directiva 2002/63/CE.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados. Así mesmo, a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de marzo de 2003,

**DISPONGO:****Artigo 1. Obxecto.**

1. Este real decreto ten por obxecto establece-los métodos aplicables ás mostraxes de produtos de orixe vexetal e animal para determina-los niveis de residuos de praguicidas de conformidade co Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal, e co Real decreto 569/1990, do 27 de abril, relativo á fixación de contidos máximos de residuos de praguicidas sobre e nos produtos alimenticios de orixe animal.

2. O disposto neste real decreto non se aplicará á estratexia, ós niveis e á frecuencia das mostraxes especificadas nos anexos III e IV do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e ós seus residuos en animais vivos e os seus produtos.

**Artigo 2. Métodos de mostraxe.**

As mostraxes para os controis previstos no artigo 6 do Real decreto 280/1994 e no artigo 5 do Real decreto 569/1990 realizaranse de acordo cos métodos establecidos no anexo deste real decreto.